



**PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DO DEPARTAMENTO
DE LINGUA INGLESA 2022-23**

1	INTRODUCCIÓN: XUSTIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN	3
2	PREVISIÓN DO DESENVOLVEMENTO DA PROGRAMACIÓN NOS ESCENARIOS DE ACTIVIDADE PRESENCIAL, SEMIPRESENCIAL E NON PRESENCIAL	6
3	CONTRIBUCIÓN DA MATERIA DE LINGUA INGLESA Á ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE	9
3.1	As competencias clave e a súa descrición	9
3.2	estratexias metodolóxicas para traballar por competencias na aula	14
3.3	a avaliación das competencias clave	15
4	OBXECTIVOS	16
4.1	Obxectivos eso	16
4.2	Obxectivos de Bacharelato	18
5	METODOLOXÍA	19
6	CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO.	21
6.1	Avaliación inicial na ESO	21
6.2	Criterios de cualificación e promoción	23
7	INDICADORES PARA AVALIAR A PRÁCTICA DOCENTE	26
8	PROGRAMACION XERAL DE TEMAS TRANSVERSAIS	29
9	MEDIDAS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE	30
10	PROGRAMA DE SECCIÓNS BILINGÜES	31
11	PROGRAMA ESPECÍFICO PARA A RECUPERACIÓN DA MATERIA PENDENTE.	32
12	ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES	32
13	PROGRAMA LECTOR: FOMENTO DA LECTURA	33
14	TECNOLOXIAS DA INFORMACION E DA COMUNICACIÓN NA AULA	34
15	PROGRAMACIÓN DE 2º ESO	35
15.1	materias e recursos didácticos	35
15.2	Competencias clave	36
15.3	Contidos, criterios avaliación, estándares de Aprendizaxe, competencias clave, grao mínimo, temporalización e instrumentos de avaliación.	44
15.4	Temporalización	88
15.5	Elementos transversais	89
15.6	programación de 2º eso pmar.	92
16	PROGRAMACIÓN DE 4º ESO	128
16.1	materias e recursos didácticos	128
16.2	contribución da área ao desenvolvemento do as competencias clave	129
16.3	Criterios de cualificación e promoción.	132

16.4 obxectivos, contidos, criterios, estándares ,indicador mínimo de logro,temporalización e instrumentos de avaliación 134

16.5 temporalización 159

16.6 Elementos transversais 160

17 PROGRAMACIÓN DE 2º BACHARELATO162

17.1 materias e recursos didácticos 162

17.2 Obxectivos,contidos,critrios de avaliación,estándar de aprendizaxe,grao mínimo de cada estándar,actividades,instrumentos de avaliación,competencias clave 163

17.3 Temporalización 198

17.4 Criterios de cualificación do alumnado de 2º BAC 199

ANEXO1:201

18 ANEXO 3.....209

1 INTRODUCCIÓN: XUSTIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

Neste curso escolar 2022-23 o departamento de inglés está formado por tres profesoras de inglés.

A distribución das horas asignadas o departamento é a seguinte:

- Dolores Bravo Rodríguez: (Xefe de Departamento)
 - tres grupos de 3ºESO.
 - dous grupos de 2º BAC.
- Rosana Rial García (Coordinadora da sección bilingüe).
 - catro grupos de 2º de ESO.
 - dous grupos de 1ºBAC.
- María José Casais
 - catro grupos de 1º ESO .
 - un grupo de 2º ESO-PMAR.
 - dous grupos de 4º ESO.

Este ano como novidade implantouse **EDIXGAL** nos dous primeiros cursos da ESO.

Valoramos moi positivamente a axuda dun auxiliar nativo Patricia Tajanlangit, que chegará a finais de setembro dende Filipinas. A súa presenza é moi motivadora para os nosos alumnos; lembrar que con eles, favorécese en grande maneira o interese dos alumnos pola asignatura, vendo así eles a imaxe real do que estudan, centrándonos no funcional language e nas destrezas de speaking e listening, aprendendo dun xeito mais lúdico e ameno.

Pensamos que debería **incrementarse o número de horas lectivas a catro semanais**. Tres sesións semanais de inglés parécennos insuficientes para acadar niveis de competencia adecuados mais aínda agora, que adicamos en termos medios unha sesión semanal á destreza oral na maioría dos grupos.

Esta programación está pensada para o centro I.E.S de Pobra do Caramiñal. Neste centro aténdense as necesidades educativas de un total de 426 alumnos, repartidos da seguinte maneira:

ESO/ BACHARELATO	348 alumnos
CICLOS	78 alumnos

As familias dos nosos alumnos pertencen en xeral a un nivel social medio ou baixo e adícanse a actividades relacionadas co mar, como a pesca e a industria conserveira, e tamén á agricultura e ó sector servizos –pequenos comerciantes e distintas profesións. Tamén estes últimos anos temos algúns alumnos de familias inmigrantes, pero nunha porcentaxe mínima.

O centro está situado nas aforas do pobo e recibe alumnos do centro e do extrarradio, zonas preferentemente rurais, deste concello e de outros limítrofes no caso dos alumnos de ciclos. Este dato pode influír moito no proceso de aprendizaxe, porque implica, entre outras cousas, desprazamentos en xeral longos que acurtan o tempo que se pode adicar ó estudo. Por outra parte, as posibilidades de acceso dos alumnos a determinados medios culturais como bibliotecas, exposicións etc... son escasas e a moitos alumnos resúltalles difícil participar en actividades extraescolares ou traballos fóra da aula, por culpa das distancias, da dispersión etc. Todos estes factores serán tidos en conta para tratar de paliar ou minimizar o seu efecto no proceso de aprendizaxe; porén, contamos con acceso a internet dende tódolos lugares do concello, o que lles axuda á comunicación e ó estudo.

Entendemos que a aprendizaxe de linguas estranxeiras, especialmente o Inglés, é socialmente demandado na ensinanza obrigatoria e axuda ao desenvolvemento da personalidade do adolescente porque, entrar en contacto con outras culturas, proporciónalles unha visión máis global e ampla da realidade e unha personalidade máis aberta e tolerante.

O incremento de relacións internacionais por motivos educativos, laborales, profesionais, culturais, turísticos ou de acceso a medios de comunicación, entre outros, fai que o coñecemento do inglés sexa unha necesidade crecente na sociedade actual. Ademáis, o desenrolo de novas tecnoloxías, convirte as linguas estranxeiras nun instrumento indispensable para a inserción no mundo laboral e a comunicación en xeral.

O que pretende o Seminario de Inglés é proporcionar ós alumnos un instrumento de comunicación que lles axude a desenvolverse en distintas situacións da vida, que fomente un adecuado comportamento social e que amplíe o seu coñecemento do mundo como instrumento para o seu desenvolvemento persoal e profesional; para isto solemos solicitar un asistente que virá de EEUU ou Reino Unido ou Filipinas este ano, que se vai ocupar de clases prácticas que pretenderán mellorar as competencias comunicativas do alumnado.

Este ano contaremos con dous marcos legais distintos:

RESOLUCIÓN do 26 de maio de 2022, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2022/23....

Polo anterior, o currículo de aplicación na Comunidade Autónoma de Galicia no curso 2022/23 para a etapa educativa de educación infantil e para os cursos impares das etapas educativas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato será o que se estableza nos decretos correspondentes en desenvolvemento dos citados reais decretos 95/2022, do 1 de febreiro, 157/2022, do 1 de marzo, 217/2022, do 29 de marzo, e 243/2022, do 5 de abril, respectivamente.

Así mesmo, o currículo de aplicación na Comunidade Autónoma de Galicia no curso 2022/23 para os cursos pares das etapas educativas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato será o establecido, respectivamente, no Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, e no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

- **os cursos impares 1º , 3º de ESO , e 1º BAC que estarán regulados pola nova Lei de Educación (LOMLOE). A súa programación será presentada na aplicación PROENS.**
- **Os restantes cursos (2º , 4º ESO e 2º BACH) seguirán regulados pola LOMCE. A súa programación constará neste documento. Para aspectos xerais, como plan de lectura, protocolo covid, seccións bilingües etc., guiarémonos por este documento.**

Cunha clara vocación educativa e de aprendizaxe onde os alumnos aprenden inglés a través de actividades motivadoras con carácter lúdico que permita de forma inconsciente e natural a adquisición da lingua estranxeira, e que encerran o reto de potenciar a habilidade do alumnado para percibir o coñecemento dunha lingua estranxeira non só como unha materia máis senón como o descubrimento dun mundo externo do que todos formamos parte responsable, promóvese a interacción na clase para desenvolver unha actitude de alerta cara ás normas e os valores sociais, dentro dos principios psicopedagóxicos nos que se fundamenta o deseño curricular para a etapa de Educación Secundaria.

A finalidade do noso proxecto é, en primeiro lugar, conseguir que o alumnado adquira todas as competencias establecidas no Perfil de Saída ao termo do seu ensino básico, centrándonos, como é lóxico, nas competencias en comunicación lingüística e plurilingüe; facendo especial fincapé na competencia persoal, social e de aprender a aprender,

competencia dixital e na competencia emprendedora. Traballaranse intensamente ao longo de todo o proceso a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual e as TIC; pero tamén terán cabida na aprendizaxe da lingua estranxeira o fomento do espírito crítico e científico, a educación emocional e en valores, a igualdade de xénero e a creatividade. Por outra banda, incorporárase de forma transversal a educación para a saúde, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto e a cooperación.

Este proxecto ten en conta cambios tan significativos e evidentes como a globalización, que practicamente esixe o dominio dunha segunda lingua estranxeira, e o impacto das novas tecnoloxías, repercutindo directamente nos alumnos á hora de aprender, de comunicarse ou de realizar unha tarefa. Elementos que se converteron nunha prioridade e nunha ferramenta clave respectivamente no proceso de aprendizaxe, non só na etapa á que fai referencia este documento, senón ao longo de toda a vida.

Neste proxecto, o profesorado deberá crear as condicións esenciais para que se produza a aprendizaxe atendendo particularmente á diversidade nas habilidades e expectativas de cada alumno e á procura do desenvolvemento do talento de cada un deles. Preparará e organizará o traballo, axudando no desenvolvemento do mesmo; coordinará accións; impulsando actitudes positivas cara ao idioma e a cultura inglesa, captando e desenvolvendo o interese do alumno cara ao novo e a creatividade, intervindo de forma activa e reflexiva, e tratando os erros como signos de progreso. Pola súa banda, o alumnado debe participar de forma activa no seu proceso de aprendizaxe.

2 PREVISIÓN DO DESENVOLVEMENTO DA PROGRAMACIÓN NOS ESCENARIOS DE ACTIVIDADE PRESENCIAL, SEMIPRESENCIAL E NON PRESENCIAL

Seguiremos as instrucións da consellería e adoptaremos as medidas oportunas para a organización das clases en caso necesario:

1. Presencial: seguiremos coa programación como en anos anteriores.
2. Semipresencial: no caso de que algún alumno / profesor/grupo falte durante un breve período de tempo traballaremos entregando tarefas na aula virtual do centro do xeito que ven recollido no seguinte punto. En caso de ter que facer exames,

procuraremos pospoñelos para cando se poidan facer de xeito presencial. Se isto non é posible, procederemos como no punto 3.

3. Non presencial:

Metodoloxía de traballo que se seguirá no caso de Ensino a distancia

Temos que seguir traballando nas plataformas dixitais e manter contacto directo co alumnado, creando cursos online dende o primeiro día de clase, facilitando traballo de reforzo e avanzando cos alumnos na materia; neste senso, seguindo as indicacións de inspección, a **AULA VIRTUAL DO CENTRO**, será o mecanismo elixido para poder continuar a desenvolver a nosa labor docente.

Materiais: seguiremos co libro de texto como recurso principal, workbook e readers así como das fichas que o profesor considere axeitadas. As editoriais proveerán un enlace co que se dá acceso ao e-book da clase. A periodicidade das tarefas poderá ser tanto diaria como semanal, procurando manter os horarios de cada curso.

Faremos clases virtuais, que se realizarán a través da plataforma corporativa, preferentemente no horario lectivo. Nas clases online a través de Webex ou outras plataformas pedirase ó alumnado que se conecten con cámara e micro. Tamén podemos enviar clases previamente grabadas á aula virtual, que irán acompañadas de traballo que cada alumno fará de xeito individual.

Os **procedementos e instrumentos** de avaliación poderán ser:

- control e corrección dos exercicios e do traballo diario do alumno, por parte do profesorado.
- presentación en forma e prazo das tarefas por parte do alumno.
- Participación activa nos foros da clase.
- tests de auto-avaliación.
- Producións escritas.
- Probas obxectivas e proxectos individuais.
- Probas de seguimento presenciais se fose posible ou online para as diferentes destrezas: Grammar and Vocabulary, Reading, Listening, Speaking y Writing. Cada profesor poderá avaliar ós seus alumnos/as usando as probas que considere máis axeitadas ó seu nivel e tipo de alumnado. Os exames online terán un tempo límite e poderán supervisarse mediante webcam.
- Lectura dos Readers correspondentes a cada curso.
- Probas modelo ABAU para 2º BAC.
- Rúbricas para a valoración dos traballos.
- Fichas comprensión lectora.

Estas probas achegaránse ben por correo ou polas diferentes plataformas en caso de non

poder facer probas presenciais .

Mecanismos para asegurar o seguemento contínuo do curso polo alumnado.

Seguimento da programación: haberá unha observación sistemática do traballo e da participación do alumno nas tarefas propostas centradas en exercicios específicos que responden ós diversos obxectivos programados, revisión e análise das actividades e traballos realizados, proba específica de avaliación e seguimento do traballo diario.

No seguimento do traballo é moi importante deixar constancia daqueles alumnos que non están a entregar actividades nin a traballar, para iso habilitaremos unhas follas semanais de seguimento que deberán estar cumprimentadas, similares as follas EXCEL que dirección enviou na corentena así como tamén informar ao titor e xefatura nas reunións de grupo que se leven a cabo.

O profesor devolverá ós alumnos as actividades correxidas ou ben correxirá as tarefas nas clases online.

Reforzo de alumnos con necesidades especiais : se fose necesario o profesorado realizará actividades de reforzo co obxectivo de que o alumno afiance os contidos traballados, sempre coa supervisión do Departamento de Orientación.

Contacto co profesor: por e-mail e a través da aula virtual.

Contacto cos pais: e-mail e abalar . Páxina web do centro..

Modo de proveer o dereito a educación ó alumnado que non dispón de medios e/ou recursos dixitais.

Estaremos moi atentos por si detectamos algún alumno que non dispón de medios e/ou recursos dixitais e informaremos a titores e dirección. Xa nestes momentos temos a todos os alumnos matriculados na aula virtual.

Tanto o centro como o concello da Pobra dotaron na pasada corentena de Tablets ou PCs e conexión ós alumnos con dificultades.

Pola nosa banda, o noso departamento puxo dous dos nosos portátiles a disposición do alumnado sen conexión. Supoñemos que no caso de una nova corentena, poderemos subsanar as carencias detectadas de cada alumno.

3 CONTRIBUCIÓN DA MATERIA DE LINGUA INGLESA Á ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE

3.1 As competencias clave e a súa descrición

Na definición que a Lei Orgánica para a Mellora da Calidade Educativa (LOMCE) fai do currículo, atopámonos cos elementos que determinan os procesos de ensinanza e aprendizaxe, entre os que se atopan as competencias clave. Propóñense novos enfoques na aprendizaxe e avaliación, o que supón un importante cambio dirixido a aquilo que o alumnado asimila e é capaz de facer, sobre todo no tocante ás competencias clave, que se consideran prioritarias de cara ó desenvolvemento do alumnado.

As orientacións da Unión Europea insisten na necesidade da adquisición das competencias clave por parte da cidadanía, como condición indispensábel para lograr que os individuos alcancen un pleno desenvolvemento persoal, social e profesional que se axuste ás demandas dun mundo globalizado e faga posíbel o desenvolvemento económico, vinculado ao coñecemento.

As competencias clave son esenciais para o benestar das sociedades europeas, o crecemento económico e a innovación, e descríbense os coñecementos, as capacidades e as actitudes esenciais vinculadas a cada unha delas.

A proposta de aprendizaxe por competencias favorecerá, por tanto, a vinculación entre a formación e o desenvolvemento profesional e ademais facilitará a mobilidade de estudantes e profesionais.

As competencias clave no Sistema Educativo Español son as seguintes:

1. Comunicación lingüística
2. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía
3. Competencia dixital
4. Aprender a aprender
5. Competencias sociais e cívicas
6. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor
7. Conciencia e expresións culturais

En cada materia inclúense referencias explícitas acerca da súa contribución a aquelas competencias clave ás que se orienta en maior medida. Doutra banda, tanto os obxectivos como a propia selección dos contidos buscan asegurar o desenvolvemento de todas elas. Os criterios de avaliación serven de referencia para valorar o grao progresivo de adquisición.

Competencia en comunicación lingüística

Esta competencia refírese á utilización da linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita, de representación, interpretación e comprensión da realidade, de construción e comunicación do coñecemento e de organización e autorregulación do pensamento, as emocións e a conduta.

Con distinto nivel de dominio e formalización -especialmente en lingua escrita-, esta competencia significa, no caso das linguas estranxeiras, poder comunicarse nalgunhas delas e, con iso, enriquecer as relacións sociais e desenvolverse en contextos distintos ao propio. Así mesmo, favorécese o acceso a máis e diversas fontes de información, comunicación e aprendizaxe.

En resumo, para o adecuado desenvolvemento desta competencia resulta necesario abordar a análise e a consideración dos distintos aspectos que interveñen nela, debido á súa complexidade. Para iso, débese atender aos cinco compoñentes que a constitúen e ás dimensións nas que se concretan:

- O compoñente lingüístico comprende diversas dimensións: a léxica, a gramatical, a semántica, a fonolóxica, a ortográfica e a ortoépica (a articulación correcta do son a partir da representación gráfica da lingua).
- O compoñente pragmático-discursivo contempla tres dimensións: a sociolingüística (vinculada coa adecuada produción e recepción de mensaxes en diferentes contextos sociais); a pragmática (que inclúe as microfuncións comunicativas e os esquemas de interacción); e a discursiva (que inclúe as macrofuncións textuais e as cuestións relacionadas cos xéneros discursivos).
- O compoñente sociocultural inclúe dúas dimensións: a que se refire ao coñecemento do mundo e a dimensión intercultural.
- O compoñente estratéxico permítelle ao individuo superar as dificultades e resolver os problemas que xorden no acto comunicativo. Inclúe tanto destrezas e estratexias comunicativas para a lectura, a escritura, a fala, a audición e a conversación, coma destrezas vinculadas co tratamento da información, a lectura multimodal e a produción de textos electrónicos en diferentes formatos; tamén forman parte deste compoñente as estratexias xerais de carácter cognitivo, metacognitivo e socioafectivas que o individuo utiliza para comunicarse eficazmente, aspectos fundamentais na aprendizaxe das linguas estranxeiras.
- O compoñente persoal intervén na interacción comunicativa en tres dimensións: a actitude, a motivación e os trazos de personalidade.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

A competencia matemática implica a aplicación do razoamento matemático e as súas ferramentas para describir, interpretar e predicir distintos fenómenos no seu contexto. Esta competencia require coñecementos sobre os números, as medidas e as estruturas, as operacións e as representacións matemáticas, e a comprensión dos termos e conceptos

matemáticos.

O uso de ferramentas matemáticas implica unha serie de destrezas que requiren a aplicación dos principios e procesos matemáticos en distintos contextos. Trátase da importancia das matemáticas no mundo e de utilizar os conceptos, procedementos e ferramentas para aplicalos na resolución dos problemas que poidan xurdir nunha situación determinada ao longo da vida. A competencia matemática inclúe unha serie de actitudes e valores que se basean no rigor, o respecto aos datos e a veracidade. Xa que logo, para o adecuado desenvolvemento da competencia matemática resulta necesario abordar catro áreas relativas aos números, a álgebra, a xeometría e a estatística, interrelacionadas de formas diversas, a través da cantidade, o espazo e a forma, o cambio e as relacións, e a incerteza e os datos.

As competencias básicas en ciencia e tecnoloxía son aquelas que proporcionan un achegamento ao mundo físico e á interacción responsábel con el para a conservación e mellora do medio natural, a protección e mantemento da calidade de vida e o progreso dos pobos. Estas competencias contribúen ao desenvolvemento do pensamento científico e capacitan a cidadáns responsábeis e respectuosos que desenvolven xuízos críticos sobre os feitos científicos e tecnolóxicos que se suceden ao longo dos tempos, pasados e actuais. Estas competencias han de capacitar para identificar, expor e resolver situacións da vida cotiá, igual que se actúa fronte aos retos e problemas propios das actividades científicas e tecnolóxicas.

Para o adecuado desenvolvemento das competencias en ciencia e tecnoloxía resultan necesarios coñecementos científicos relativos á física, a química, a bioloxía, a xeoloxía, as matemáticas e a tecnoloxía. Así mesmo, hanse de fomentar as destrezas para utilizar e manipular ferramentas e máquinas tecnolóxicas, e utilizar datos e procesos científicos para alcanzar un obxectivo. Hanse de incluír actitudes e valores relacionados coa asunción de criterios éticos asociados á ciencia e á tecnoloxía, o interese pola ciencia, o apoio á investigación científica, a valoración do coñecemento científico, e o sentido da responsabilidade en relación á conservación dos recursos naturais, ás cuestións ambientais e á adopción dunha actitude adecuada para lograr unha vida física e mental saudábel nun contorno natural e social. Os ámbitos que se deben abordar para a adquisición das competencias en ciencias e tecnoloxía son os sistemas físicos, os sistemas biolóxicos, os sistemas da Terra e do Espazo, e os sistemas tecnolóxicos. Por último, a adquisición das competencias en ciencia e tecnoloxía require a formación e práctica na investigación científica e na comunicación da ciencia.

Competencia dixital

Esta competencia consiste en dispor de habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información, e para transformala en coñecemento. Incorpora diferentes habilidades, que van desde o acceso á información até a súa transmisión en distintos

soportes unha vez tratada, incluíndo a utilización das tecnoloxías da información e da comunicación como elemento esencial para informarse, aprender e comunicarse.

Implica ser unha persoa autónoma, eficaz, responsábel, crítica e reflexiva ao seleccionar, tratar e utilizar a información e as súas fontes, así como as distintas ferramentas tecnolóxicas; tamén, ter unha actitude crítica e reflexiva na valoración da información dispoñíbel, contrastándoa cando é necesario, e respectar as normas de conduta socialmente acordadas para regular o uso da información e as súas fontes nos distintos soportes.

Para o adecuado desenvolvemento da competencia dixital resulta necesario abordar a información, a análise e a interpretación da mesma, a comunicación, a creación de contidos, a seguridade e a resolución de problemas, tanto teóricos coma técnicos.

Aprender a aprender

Aprender a aprender supón dispor de habilidades para iniciarse na aprendizaxe e ser capaz de continuar aprendendo de maneira cada vez máis eficaz e autónoma, de acordo aos propios obxectivos e necesidades.

Aprender a aprender implica a conciencia, xestión e control das propias capacidades e coñecementos desde un sentimento de competencia ou eficacia persoal, e inclúe tanto o pensamento estratéxico como a capacidade de cooperar, de se autoavaliar, e o manexo eficiente dun conxunto de recursos e técnicas de traballo intelectual. Todo iso desenvólvese, a través de experiencias de aprendizaxe conscientes e gratificantes, tanto individuais coma colectivas.

Competencias sociais e cívicas

Estas competencias implican a habilidade e a capacidade para utilizar os coñecementos e actitudes sobre a sociedade, interpretar fenómenos e problemas sociais en contextos cada vez máis diversificados, elaborar respostas, tomar decisións e resolver conflitos, así como para interactuar con outras persoas e grupos, conforme a normas baseadas no respecto mutuo e en conviccións democráticas.

En concreto, a competencia social relaciónase co benestar persoal e colectivo. Os elementos fundamentais desta competencia inclúen o desenvolvemento de certas destrezas como a capacidade de se comunicar dunha maneira construtiva en distintos contornos sociais e culturais, mostrar tolerancia, expresar e comprender puntos de vista diferentes, negociar sabendo inspirar confianza e sentir empatía.

Así mesmo, esta competencia inclúe actitudes e valores como unha forma de colaboración, a seguridade nun mesmo e a integridade e honestidade.

A competencia cívica baséase no coñecemento crítico dos conceptos de democracia, xustiza, igualdade, cidadanía e dereitos humanos e civís, así como da súa formulación na Constitución española, a Carta dos Dereitos Fundamentais da Unión Europea e en

declaracións internacionais, e da súa aplicación por parte de diversas institucións a escala local, rexional, nacional, europea e internacional.

As actitudes e valores inherentes a esta competencia son aqueles que se dirixen ao pleno respecto dos dereitos humanos e á vontade de participar na toma de decisións democráticas a todos os niveis, e implica manifestar o sentido da responsabilidade e mostrar comprensión e respecto dos valores compartidos, que son necesarios para garantir a cohesión da comunidade, baseándose no respecto dos principios democráticos.

Por tanto, para o adecuado desenvolvemento destas competencias é necesario comprender o mundo no que se vive, en todos os aspectos sociais, culturais e humanos do mesmo. Pero tamén incorporan formas de comportamento individual que capacitan ás persoas para convivir en sociedade.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor

A competencia “sentido de iniciativa e espírito emprendedor” implica a capacidade de transformar as ideas en actos. Iso significa adquirir conciencia da situación a intervir ou resolver, e saber elixir, planificar e xestionar os coñecementos, destrezas ou habilidades e actitudes necesarios con criterio propio, co fin de alcanzar o obxectivo previsto.

A adquisición desta competencia é determinante na formación de futuros cidadáns emprendedores, contribuíndo así á cultura do emprendemento.

Entre os coñecementos que require a competencia “sentido de iniciativa e espírito emprendedor” inclúese a capacidade de recoñecer as oportunidades existentes para as actividades persoais, profesionais e comerciais.

Para o adecuado desenvolvemento desta competencia, resulta necesario abordar a capacidade creadora e de innovación, a capacidade proactiva para xestionar proxectos, a capacidade de asunción e xestión de riscos e manexo da incerteza, as calidades de liderado e traballo individual e en equipo, e por último, o sentido crítico e da responsabilidade.

Conciencia e expresións culturais

Esta competencia implica coñecer, comprender, apreciar e valorar con espírito crítico, cunha actitude aberta e respectuosa, as diferentes manifestacións culturais e artísticas, utilízalas como fonte de enriquecemento e goce persoal e consideralas como parte da riqueza e patrimonio dos pobos.

Incorpora tamén un compoñente expresivo referido á propia capacidade estética e creadora e ao dominio daquelas capacidades relacionadas cos diferentes códigos artísticos e culturais, para poder utilízalas como medio de comunicación e expresión persoal. Implica igualmente manifestar interese pola participación na vida cultural e por contribuír á conservación do patrimonio cultural e artístico, tanto da propia comunidade coma doutras comunidades.

Por tanto, require de coñecementos que permitan acceder ás distintas manifestacións sobre a herdanza cultural a escala local, nacional e europea e o seu lugar no mundo. Comprende a concreción da cultura en diferentes autores e obras, xéneros e estilos, tanto das belas artes coma doutras manifestacións artístico-culturais da vida cotiá.

Para o adecuado desenvolvemento da competencia para a conciencia e expresión cultural resulta necesario abordar o coñecemento, estudo e comprensión de distintos estilos e xéneros artísticos e das principais obras e producións culturais e artísticas; a aprendizaxe das técnicas e recursos; o desenvolvemento da capacidade e intención de expresarse e comunicar ideas, experiencias e emocións propias; a potenciación da iniciativa, a creatividade e a imaxinación propias de cada individuo de face á expresión das propias ideas e sentimentos; o interese, aprecio, respecto, goce e valoración crítica das obras artísticas e culturais; a promoción da participación na vida e a actividade cultural da sociedade na que se vive; e por último, o desenvolvemento da capacidade de esforzo, constancia e disciplina para a creación de calquera produción artística de calidade.

3.2 estratexias metodolóxicas para traballar por competencias na aula

Todo proceso de ensino-aprendizaxe debe partir dunha planificación rigorosa do que se pretende conseguir, tendo claro cales son os obxectivos ou metas, que recursos son necesarios, que métodos didácticos son os máis adecuados e como se avalía a aprendizaxe e retroaliméntase o proceso.

Os métodos didácticos han de elixirse en función do que se sabe que é óptimo para alcanzar as metas propostas e en función dos condicionantes nos que ten lugar o ensino.

Un dos elementos Clave no ensino por competencias é espertar e manter a motivación cara á aprendizaxe no alumnado, o que implica unha nova formulación do papel do alumno, activo e autónomo, consciente de ser o responsable da súa aprendizaxe.

Para potenciar a motivación pola aprendizaxe de competencias requírense, ademais, metodoloxías activas e contextualizadas. Aquelas que faciliten a participación e implicación do alumnado e a adquisición e uso de coñecementos en situacións reais, serán as que xeren aprendizaxes máis transferibles e duradeiros.

As metodoloxías activas han de apoiarse en estruturas de aprendizaxe cooperativa, de forma que, a través da resolución conxunta das tarefas, os membros do grupo coñezan as estratexias utilizadas polos seus compañeiros e poidan aplicarlas a situacións similares.

Para un proceso de ensino-aprendizaxe competencial as estratexias interactivas son as máis adecuadas, ao permitir compartir e construír o coñecemento e dinamizar a sesión de clase mediante o intercambio verbal e colectivo de ideas.

O traballo por proxectos axuda ao alumnado a organizar o seu pensamento favorecendo neles a reflexión, a crítica, a elaboración de hipótese e a tarefa investigadora a través dun

proceso no que cada un asume a responsabilidade da súa aprendizaxe, aplicando os seus coñecementos e habilidades a proxectos reais.

Así mesmo, resulta recomendable o uso do portfolio, que achega información extensa sobre a aprendizaxe do alumnado, reforza a avaliación continua e permite compartir resultados de aprendizaxe. O portfolio é unha ferramenta motivadora para o alumnado que potencia a súa autonomía e desenvolve o seu pensamento crítico e reflexivo.

O profesorado debe implicarse na elaboración e deseño de diferentes tipos de materiais, adaptados aos distintos niveis e aos diferentes estilos e ritmos de aprendizaxe dos alumnos e alumnas, co obxecto de atender á diversidade na aula, considerando especialmente a integración das Tecnoloxías da Información e a Comunicación no proceso de ensino-aprendizaxe que permiten o acceso a recursos virtuais.

Finalmente, é necesaria unha adecuada coordinación entre os docentes sobre as estratexias metodolóxicas e didácticas que se utilicen.

3.3 a avaliación das competencias clave

Tanto na avaliación continua nos diferentes cursos como nas avaliacións finais nas diferentes etapas educativas, para poder avaliar as competencias é necesario elixir estratexias e instrumentos para avaliar ao alumnado de acordo cos seus desempeños na resolución de problemas que simulen contextos reais, mobilizando os seus coñecementos, destrezas e actitudes.

Han de establecerse as relacións dos estándares de aprendizaxe avaliábeis coas competencias ás que contribúen, para lograr a avaliación dos niveis de desempeño competencial alcanzados polo alumnado.

A avaliación do grao de adquisición das competencias debe estar integrada coa avaliación dos contidos, na medida en que ser competente supón mobilizar os coñecementos e actitudes para dar resposta ás situacións expostas, dotar de funcionalidade ás aprendizaxes e aplicar o que se aprende desde unha formulación integradora.

Os niveis de desempeño das competencias poderanse medir a través de indicadores de logro, tales como Rúbricas ou escalas de avaliación. Estes indicadores de logro deben incluír rangos dirixidos á avaliación de desempeños, que teñan en conta o principio de atención á diversidade.

O profesorado debe utilizar procedementos de avaliación variados e incorporar estratexias que permitan a participación do alumnado na avaliación dos seus logros, como a autoavaliación, a avaliación entre iguais ou a coavaliación. En todo caso, os distintos procedementos de avaliación utilizábeis, como a observación sistemática do traballo dos alumnos, as probas orais e escritas, o portfolio, os protocolos de rexistro, ou os traballos de clase, permitirán a integración de todas as competencias nun marco de avaliación coherente.

As avaliacións externas de fin de etapa terán en conta, tanto no seu deseño como na súa avaliación os estándares de aprendizaxe avaliados do currículo.

Cada competencia desagregouse en distintos indicadores, que permitirán unha avaliación moito máis detallada da mesma.

Os instrumentos para avaliar que se especifican son os máis xerais, pero cada profesor/a pode ter as súas propias necesidades e adaptará o modelo segundo conveña.

No apartado para indicar a cualificación, enténdese que as abreviaturas corresponden a: IN (Insuficiente); SU (Suficiente); BE (Ben); NT (Notábel); SB (Sobresaliente).

4 OBXECTIVOS

O obxectivo principal no ensino dunha lingua estranxeira, mais non o único, como se indicou na relación de competencias básicas a conquistar, ten que ser acadar a competencia comunicativa. Esta meta require unha serie de pasos previos escalonados comezando nos dous ciclos de ESO ata a culminación no bacharelato.

Na ESO, cremos que deberían amosar un dominio das catro destrezas similar ó nivel A1 e A2 do Marco Común Europeo de referencia .

En bacharelato, sobre todo en 2º, esta competencia debería capacitar ós nosos alumnos para superar a proba oral e escrita de acceso a universidade, o que implica poder buscar e entender por si mesmos en inglés a información que precisen na súa carreira, e mesmo poder continuar a súa formación universitaria no estranxeiro. Deberían ser capaces de acadar, como mínimo, o nivel B1 ou incluso o B2 do M.C.E de Referencia.

4.1 Obxectivos eso

O currículo básico establece que a Educación Secundaria contribuirá a desenvolver nos nenos e nenas as capacidades que lles permitan (art. 10 D 86/72015):

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ós demais, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e grupos, exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquier outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supongan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en tódolos ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo, os comportamentos sexistas e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f) Concebir o coñecemento científico coma un saber integrado, que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castellana, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, a lectura e o estudo da literatura.
- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e a historia propias e dos demais, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que ralizaran aportacións importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.
- m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio natural, contribuíndo á súa conservación e mellora.
- n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
- ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ó exercicio deste dereito.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

4.2 Obxectivos de Bacharelato

(art. 26 do D 86/72015):

O Bacharelato contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsábel, inspirada polos valores da Constitución española así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa.

b) Consolidar unha madurez persoal e social que lles permita actuar de forma responsábel e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.

c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes, e en particular a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.

d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe, e como medio de desenvolvemento persoal.

e) Dominar, tanto na súa expresión oral coma na escrita, a lingua castelá e, no seu caso, a lingua cooficial da súa Comunidade Autónoma.

f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.

g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.

h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de forma solidaria no desenvolvemento e mellora do seu contorno social.

i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.

j) Comprender os elementos e procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía no

cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente.

k) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.

l) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.

m) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social.

n) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.

5 METODOLOXÍA

As bases metodolóxicas que inspiran o noso traballo son as seguintes:

O punto de partida da aprendizaxe dos alumnos son os seus primeiros coñecementos previos; centrándonos naquilo que resulta familiar e próximo ao alumnado pero cunha vertente de fantasía para lograr o equilibrio entre a seguridade/benestar co interese/imaxinación. O alumno pode transferir conceptos e estratexias adquiridas para construír así significados e atribuír sentido ao que aprende (partindo do que coñece e formulando hipóteses para elaborar regras que axudan a interiorizar o novo sistema). Favorécese así o seu crecemento persoal, o seu desenvolvemento e a súa socialización.

A aprendizaxe a nivel de competencias persegue o desenvolvemento do potencial de cada alumno, das súas capacidades, preparar o alumnado para que poida afrontar os retos persoais ó longo da súa vida con éxito. Os alumnos non só terán que adquirir uns coñecementos, senón que deberán ser capaces de acceder a eles e aplicalos nos diferentes contextos da súa vida e contextualizalos. A aprendizaxe por competencias ten o propósito de cubrir tódolos aspectos da vida, facendo que os alumnos non só sexan capaces de aprender, senón, entre outros, de aprender a aprender, aprender a convivir, aprender a facer. Cada unha das unidades do noso proxecto proporciona diferentes actividades que contribúen ó desenvolvemento das competencias clave.

As situacións comunicativas que inclúen o humor e o xogo captan a motivación do alumnado e facilitan a aprendizaxe; por iso é importante ter en conta a importancia das cancións e historias, as características dos personaxes, as ilustracións e mesmo os efectos sonoros das gravacións.

Os nenos aprenden de distintas formas e a ritmos diferentes; por iso o noso proxecto está deseñado para ser utilizado con flexibilidade de modo que tódolos integrantes do grupo poidan participar e atopen actividades nas que poden aplicar coñecementos e aptitudes,

facilitando o desenvolvemento da propia conciencia de logros, e do progreso que logran día a día. No noso proxecto existe sempre un apoio para aqueles nenos e nenas que o requiran, tendo sempre en conta aqueles casos nos que o progreso non responda ós obxectivos que se programaron, así como os casos nos que algúns destaquen na consecución de obxectivos e que, ante a falta de actividade programada, perdan a motivación e o interese pola lingua estranxeira. Para emendar estas posibles situacións inclúense actividades tanto de ampliación, para os máis avanzados, como de reforzo, para os que poidan estancarse nalgún momento.

A aprendizaxe dos nenos é maior e de máis calidade se basea na actividade; eles demandan exercer a súa capacidade de actuar. Cada unha das unidades do noso proxecto proporciona unha ampla gama de actividades e recursos didácticos de diferente participación. No noso proxecto, o alumno/a é o centro do proceso de ensino-aprendizaxe pero a súa actividade construtivista depende da intervención do profesor/a. Esta intervención debe ser activa e reflexiva e axustada ó nivel que mostra o alumno/a, debendo: iniciar o input da lingua, axudar ó individuo na interacción cos demais, avaliar o que fan os nenos/as, proporcionar retroacción, contextualizar as actividades e dar significados comprensibles para o alumno/a, promover estratexias de comunicación, potenciar as estratexias de aprendizaxe xa adquiridas e admitir o erro.

Considerar o progreso pero tamén o erro como algo natural no proceso de aprendizaxe. O erro acontece como unha evidencia do dinamismo subxacente da comprensión e do dominio progresivo do novo sistema comunicativo. No noso proxecto enténdese que os erros prodúcense cando o neno/a anticipa como vai funcionar a lingua ou cando transfere regras da súa lingua materna nun proceso natural de adquisición. Pero é importante facer unha distinción entre erro e equivocación. Considérase erro o fallo sistemático debido a un mal ou escaso coñecemento da lingua. Estes erros corríxense ó finalizar as interaccións orais, de forma grupal e cunha linguaxe accesible e sempre tendo en conta que non desaparecen repentinamente, senón que requiren o seu tempo. A equivocación é un fallo ocasional debido a unha falta de atención nun momento determinado, que o mesmo lle pode acontecer a un falante nativo. Non paga a pena corrír as equivocacións porque non son relevantes do proceso de ensino-aprendizaxe.

Unha aprendizaxe permanente. Non hai saberes que se adquiran exclusivamente nunha determinada materia e só serven para ela (sobre todo nesta e para esta). Con todo o que o alumno aprende nas diferentes materias (e non só na institución escolar) constrúe unha bagaxe cultural e de información que debe servirle para o conxunto da súa vida, que debe ser capaz de utilizar en momentos precisos e en situacións distintas (a linguaxe é, a estes efectos, paradigmática). Por iso, as competencias clave poden alcanzarse se non en todas, si na maioría das materias curriculares, e tamén por iso en todas estas materias poderá utilizar e aplicar as devanditas competencias, independentemente de en cais as puidese adquirir (transversalidade). Ser competente debe ser garantía de ter alcanzado determinadas aprendizaxes, pero tamén permitirá alcanzar outras, tanto na propia institución

escolar como fóra dela, garantía da súa aprendizaxe permanente (ou, neste caso, capaz de comunicarse en situacións moi diversas, algunhas das cais o propio alumno nin sequera pode considerar aínda que terá que facelo).

6 CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO.

Imos levar a cabo varios tipos de avaliación: avaliación diagnóstica, formativa, sumativa, auto avaliación.

6.1 Avaliación inicial na ESO

A avaliación inicial ou diagnóstica ou de coñecementos previos faise a principio de curso para saber o coñecemento do grupo e de cada alumno ó comezo de curso, e así, coñecer o nivel real do grupo. Para as sesión de avaliación inicial do mes de outubro do alumnado de nova incorporación ó centro, o profesorado da materia deseñará as probas adecuadas para identificar as posibles dificultades do alumnado. Asimesmo, servirase da observación na aula do comportamento, actitude, capacidades... do alumnado.

Nas reunións cos titores, equipo docente e Departamento de Orientación tomaráanse decisións con respecto ás mellores estratexias e recursos (adeacuación de tempos e instrumentos de avaliación así como adaptacións metodolóxicas) para atender as condicións de aprendizaxe dos alumnos en particular.

Tamén será o momento para solicitar ó Departamento de Orientación a valoración de problemáticas de aprendizaxe, e de habilidades sociais, detectadas nese tempo polo equipo educativo. Na sesión realizaranse propostas sobre a adopción de determinadas medidas co alumnado que o precise tales como: cambio de nivel, cambio de grupo, reforzos e agrupamentos, inclusión na Aula de apoio, técnicas de estudo,...

Como procedementos usarase a observación na aula e principalmente a realización dunha proba obxectiva ou PLACEMENT TEST cos contidos mínimos dos cursos anteriores, realizaremos:

- Observación sistemática do traballo e das participación do alumno na clase.
- Intercambios orais: Preguntas e respostas na clase, diálogos, coloquios, debates e postas en común.
- Exercicios específicos que responden aos diversos obxectivos programados na Unidade didáctica.
- Revisión, análise e comentario das actividades e traballos realizados, recollidos no Caderno da clase e en exercicios específicos.
- Proba específica de avaliación

- Autoavaliación.
- Consulta informes de Orientación e do profesor titor dos cursos anteriores.

Os resultados axudarannos a planificar o curso e tomar medidas de reforzo, se é posible ,facer agrupamentos e desdobres ou ACS para poder así atender millor ós alumnos.En todo caso trataremos de ser flexibles a medida que os alumnos progresen na materia.

A avaliación dos coñecementos previos faise antes de comezar cada unidade, utilizando os obxectivos primordiais e preguntando ós alumnos o que saben de cada un e cales pensan que deberían traballar máis.

Tamén avaliamos o progreso dos alumnos nun período de tempo, é dicir, facemos unha avaliación formativa. Si un alumno que ten un nivel baixo ve cómo progresa e que o seu esforzo e tido en conta a pesar de non chegar ó aprobado, sentiráse máis motivado a continuar traballando para tratar de conseguilo.

As ferramentas da avaliación formativa poden ser as tarefas, a participación, o comportamento, a actitude en xeral, o traballo en parellas e en grupos, o caderno, o progreso en listening, speaking, reading, writing, etc., como quedan recollidas nas táboas dos diferentes cursos. Esta avaliación ademais serve para reconducir o proceso antes de que sexa demasiado tarde na avaliación sumativa final.

Tamén facemos uso dos tests de cada unidade para observar cómo progresan os alumnos, en canto ós contidos, dunha unidade á seguinte .

Finalmente, a avaliación sumativa axuda a saber hasta ónde chegou un alumno no proceso de ensino- aprendizaxe. Utilizamos probas obxectivas e para complementar a información obtida en ditas probas;usamos outras ferramentas ademais das xa mencionadas: a autoavaliación e a coevaluación, os proxectos, as redaccións e outros traballos de clase e de casa.

Mediante a avaliación chegaremos a unha valoración do aproveitamento dos alumnos, e obteremos datos esenciais para axudarlles na súa recuperación. Determinaremos tamén o grao en que se acadaron os obxectivos propostos así como a necesidade de modificar ou non as actividades e o material.

Atenderá os seguintes principios:

1. Será unha avaliación **progresiva, acumulativa e continua**, sistemática, formativa e integradora.
2. Consideraránse os hábitos, destrezas e aptitudes do alumno no seu proceso de comprensión, expresión e creación o mesmo que a súa participación activa na clase.

3. Avaliarase a capacidade dos alumnos para comunicarse nun ámbito próximo, acerca das necesidades materiais e relacións sociais, sensacións físicas e sentimentos, opinións e experiencias persoais, así como sobre a organización da clase.
4. Avaliarase a capacidade de comprensión do esencial de materiais gravados ou expostos.
5. Avaliarase a capacidade de desenvolverse oralmente en situacións interactivas e de utilizar as estratexias e recursos que aseguren a comunicación co profesor, os compañeiros, ou un nativo para expresar gustos, necesidades, sentimentos, dar o pedir información, opinións e relatar experiencias.
6. Avaliarase a capacidade do alumno para ler textos con sentido completo, pertencentes á prensa e á vida cotiá, relacionados coa cultura e a sociedade dos países nos que se fala o inglés, así como revistas, e libros referidos a temas variados tales como deportes, música, e relatos.
7. Avaliarase a capacidade do alumno para comunicarse por escrito de forma ordenada e concisa.
8. Avaliarase a capacidade do alumno para distinguir e recoñecer a corrección formal, a coherencia das ideas expresadas e a adecuación do discurso á situación de comunicación en textos orais e escritos e para aplicar as regras e estratexias necesarias en súas propias comunicacións.
9. Avaliarase si o alumno adquiriu as claves básicas que rexen o intercambio comunicativo, adecuando o seu rexistro ó interlocutor e á situación.
10. Avaliarase a actitude e o comportamento na aula, así como, a presentación ordenada do material de traballo.

O número de unidades dadas en cada avaliación pode variar por diversas razóns: número de horas semanais de clase, dificultade da materia e nivel do alumnado, entre outras.

6.2 Criterios de cualificación e promoción

Os criterios de cualificación irán especificados nun apartado neses cursos.

As ACS teñen uns criterios de cualificación e promoción personalizados.

Para poder avaliar ós alumnos, o profesorado precisa unha serie de instrumentos que lle permitan obter uns datos concretos. Propoñemos os instrumentos que cremos máis indicados para a obtención destes datos, como poden ser: observación, proba escrita, proba

oral, caderno de clase, portfolio. O profesor poderá modificar o modelo substituíndo ou incluíndo outros instrumentos empregados.

Ademais, animarase ó alumno a avaliar o seu propio traballo. Teranse en conta a observación directa na aula, cuestionarios, análise de tarefas, diarios, cadernos de traballo, tests, etc.

Non só se terán en conta estes aspectos, senon que tamén se terá en conta a atitude do alumno con respecto á asignatura e ós seus compañeiros e profesor; por iso, un 20% da nota da avaliación e da nota final pode estar determinado polo comportamento na aula, o interese pola asignatura, a realización de tarefas na clase e na casa, e a asistencia e puntualidade ás clases. Por estes conceptos, recollidos nos diferentes estándares de aprendizaxe como o B.2.2, B.4.6., B.5.3., etc o profesor poderá baixar a nota ata un máximo de 2 puntos sobre 10, e quedará recollido no caderno do profesor, partes ou ben no XADE (puntualidade ou asistencia).

As probas obxectivas, que poden ser exames, traballos, recollida de deberes etc. versarán sobre as catro destrezas (reading, writing, listening, speaking) relacionados cos bloques e haberá tamén unha proba de gramática e vocabulario e fonética (bloque 5).

Valoraranse da seguinte forma

ESO	
Grammar & vocabulary	50%
Reading & writing	20%
listening	10%
Reading book	10%
speaking	10%
BACH	
Reading, writing	40%
Grammar, vocabulary, phonetics	30%
Listening	10%

Speaking	10%
Reader	10%

O alumno debe ter aprobado un 50% destes contidos COMO MÍNIMO, para aprobar a avaliación.

En 1º e 2º de ESO ,hai un libro de lectura anual,non trimestral, polo que nos outros dous trimestres, a porcentaxe do libro pode ser substituída por unha proba de verbos irregulares ou ben valorar o esforzo, deberes e traballo do alumno.

No proceso de avaliación para o seu rexistro aconsellamos a seguinte escala cualitativa ordenada de menor a maior: 0-4: Non conseguido; 5 Conseguido con nivel baixo nos diferentes ámbitos ; 6: Conseguido con nivel medio; 7-8 conseguido con nivel alto, e 9-10 : Conseguido totalmente.

Estes criterios de cualificación deben aplicarse tendo en conta os criterios de avaliación detallados para a área de lingua estranxeira e son válidos para todos os cursos.

No caso de que algún alumno optase polo uso de métodos deshonestos (tales como copiar doutro compañeiro, de apuntes, libros, chuletas, ou a través doutros medios, entregar o examen ou traballos fora de tempo ou prazo) para a realización de calquera proba e fose detectado polo profesor, devandito alumno recibirá automaticamente a cualificación máis baixa posible nesa mesma proba.

O abandono da asignatura considérase motivo suficiente para suspender a asignatura. As faltas de asistencia ós exames tanto escritos como orais, deberán ser xustificadas documentalmente e tan só se repetirá de ser unha enfermidade (parte médico), morte ou enfermidade grave dalgún familiar, requerimento xudicial ou outros casos de forza maior.

Así mesmo, non realizar as tarefas que o profesor solicite ou deixar os exames en branco pode ser motivo de suspenso na avaliación.

Nesta programación é de aplicación a **orde do 27 de decembro de 2022 de modificación da orde do 20 de maio de 2022** pola que se aproba o calendario escolar para o curso 22-23 nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

O alumnado que non obteña unha cualificación positiva logo de realizar todas as probas programadas de cada avaliación, terá unha oportunidade de recuperar a materia realizando unha proba final antes do 21 de xuño.

Tendo en conta as dificultades para avaliar as catro destrezas nas probas extraordinarias, os criterios de cualificación de INGLÉS basearanse, en principio, na comprensión e na expresión escrita (Reading e Writing). De ser posible, incluíranse tamén probas de comprensión auditiva (Listening) e de expresión oral (Speaking), tendo todas as destrezas a mesma ponderación :

•Vocabulario.....	25%
•Contidos gramaticais.....	25%
•Writing (Redaccións).....	25%
•Reading Comprehension (lectura comprensiva).....	25%

Ao final da memoria adxuntamos un posible modelo de rúbricas(anexo1) e outro posible modelo de revisión do traballo de clase e deberes (anexo2).

7 INDICADORES PARA AVALIAR A PRÁCTICA DOCENTE

Nas reunións de seminario irase analizando a adecuación das actividades e obxectivos ao nivel do alumnado. Tamén a temporalización e secunciación de contidos, o axuste dos materiais curriculares e dos recursos didácticos ás necesidades dos alumnos,a organización do espazo de traballo e a avaliación da aprendizaxe do alumnado.

Despois de cada trimestre o seminario revisará, analizará os resultados da avaliación e tomará medidas para correxir, se fose necesario, a adecuada progresión da programación, facendo ó final do curso unha avaliación global da programación.

Para a avaliación da práctica docente valerémonos de cuestionarios ó alumnado e de debates e comentarios,da recollida de información dos distintos órganos académicos do centro (xuntas de avaliación,CCP, xefatura de estudos, orientación, claustro e titoría).

Os profesores avaliarán tanto as aprendizaxes do alumnado coma os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, para o que incluimos a continuación unha plantilla ,que será o modelo que propoñemos como exemplo ,cos indicadores de logro e os elementos a avaliar:

ELEMENTOS	A	INDICADORES DE LOGRO	Result
-----------	---	----------------------	--------

AVALIAR	Non conseguido	Conseguido parcialmente	Totalmente conseguido	ado
Programación didáctica.	Non se adecúa ó contexto da aula.	Adecúase parcialmente ó contexto da aula.	Adecúase completamente ó contexto da aula.	
Plans de mellora.	Non se adoptaron medidas de mellora tras resultados académicos obtidos.	Identificáronse as medidas de mellora a adoptar tras resultados académicos obtidos.	Adoptáronse medidas de mellora segundo os resultados académicos obtidos.	
Medidas de atención á diversidade.	Non se adoptaron medidas de atención á diversidade adecuadas.	Identificáronse as medidas de atención á diversidade a adoptar.	Adoptáronse medidas de atención á diversidade adecuadas.	
Temas transversais.	Non se traballaron tódolos temas transversais na materia.	Traballáronse a maioría dos temas transversais na materia.	Traballáronse tódolos temas transversais na materia.	
Programa de recuperación.	Non se estableceu un programa de recuperación para os alumnos.	Iniciouse o programa de recuperación para os alumnos que o necesiten.	Estableceuse un programa de recuperación eficaz para os alumnos que o necesiten.	

ELEMENTOS A AVALIAR	INDICADORES DE LOGRO			Resultado
	Non conseguido	Conseguido parcialmente	Totalmente conseguido	
Obxectivos da materia.	Non se alcanzaron os obxectivos da materia establecidos.	Alcanzáronse parte dos obxectivos da materia establecidos para o curso.	Alcanzáronse os obxectivos da materia establecidos para este curso.	
Competencias clave.	Non se desenvolveron a maioría das competencias clave relacionadas coa materia.	Desenvolvéronse parte das competencias clave relacionadas coa materia.	Logrouse o desenvolvemento das Competencias clave relacionadas con esta materia.	
Práctica docente.	A práctica docente non foi satisfactoria.	A práctica docente foi parcialmente satisfactoria.	A práctica docente foi satisfactoria.	
Programas de mellora para a práctica docente.	Non se deseñaron programas de mellora para a práctica docente.	Identificáronse os puntos para deseñar un programa de mellora para a práctica docente.	Deseñáronse programas de mellora para a práctica docente.	
Materiais e recursos didácticos	Os materiais e recursos didácticos non foron os adecuados.	Os materiais e recursos didácticos foron parcialmente adecuados.	Os materiais e recursos didácticos foron completamente adecuados.	

ELEMENTOS A AVALIAR	INDICADORES DE LOGRO			Resultado
	Non conseguido	Conseguido parcialmente	Totalmente conseguido	
Disribución de espazos e tempos	A distribución dos espazos e tempos non foi adecuada ós métodos didácticos e pedagóxicos utilizados.	A distribución dos espazos e tempos foi parcialmente adecuada ós métodos didácticos e pedagóxicos utilizados.	A distribución dos espazos e os tempos foi adecuada ós métodos didácticos e pedagóxicos utilizados.	
Métodos didácticos e pedagóxicos	Os métodos didácticos e pedagóxicos utilizados non contribuíron á mellora do clima da aula e do centro.	Os métodos didácticos e pedagóxicos utilizados contribuíron parcialmente á mellora do clima na aula e do centro.	Os métodos didácticos e pedagóxicos utilizados contribuíron á mellora do clima da aula.	
Resutlados da avaliación	Os resultados da avaliación nesta materia non foron satisfactorios.	Os resultados da avaliación nesta materia foron moderados.	Os resultados da avaliación nesta materia foron satisfactorios.	

8 PROGRAMACION XERAL DE TEMAS TRANSVERSAIS

En todos os cursos tratamos temas transversais que veñen desglosados na programación concreta de cada un dos cursos; facemos especial fincapé en:

- Educación para a Igualdade de Oportunidades entre Homes e Mulleres: Reflexionar sobre a igualdade de ambos sexos no campo profesional, presentando a mulleres que practican deportes ou desempeñan traballos tradicionalmente considerados masculinos.
- Educación para a Paz:Tolerancia hacia los distintos tipos de escolas,reflexión e contraste dos distintos centros e sistemas de ensinanza cos do seu propio país,tolerancia hacia as formas de vivir e as vivendas doutros países e súas tradicións,tolerancia hacia as costumes e linguas doutros países.
- Educación sobre Europa:Centros de ensinanza doutros países europeos,Presentación de adolescentes de distintos países europeos.
- A Educación para a saúde:Hábitos saudables de alimentación, hixiene e exercicio.
- Educación ambiental:Defensa e respecto pola vida animal e polo noso entorno.
- Educación moral e cívica:Respectar e seguir as normas sociais e os comportamentos adecuados establecidos nas celebracións tradicionais. Establecer normas de clase.
- Educación vial: dar e pedir indicacións sobre como chegar a un lugar.

9 MEDIDAS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE

Nas avaliacións iniciais e nas reunións de titores por nivel, farase unha análise de cada alumno, e poderanse artellar medidas de reforzo educativo se hai alumnos que non progresan de xeito adecuado.

As adaptacións centraranse en:

- Tempo e ritmo de aprendizaxe
- Apoio dentro da aula por mestres especialistas, persoal complementario ou outro persoal.
- Metodoloxía máis personalizada.
- Accesibilidade dos elementos do currículo para o alumnado con necesidades educativas especiais.
- Reforzar as técnicas de aprendizaxe.
- Mellorar os procedementos, hábitos e actitudes.
- Adaptacións curriculares significativas dos elementos do currículo.
- Aumentar a atención orientadora.
- Atención educativa ó alumnado por situacións persoais de hospitalización ou de convalecencia domiciliaria.
- Avaliacións adaptadas ás necesidades destes alumnos.

- Para o alumnado con altas capacidades intelectuais: facilitaranse contidos e materiais de extensión adecuados as necesidades destes alumnos para permitir alcanzar o máximo do seu potencial.
- Para os alumnos con integración tardía no sistema educativo: adoptaranse as medidas de reforzo necesarias para facilitar a súa integración escolar e a recuperación de seu desfase para que lles permita continuar cos seus estudos con aproveitamento.
- Para os alumnos con discapacidade, se tomarán medidas de flexibilización e alternativas metodolóxicas.

O material que vamos a utilizar oferta unha serie de actividades tanto de reforzo como de ampliación para responder as distintas necesidades educativas do alumnado, estas actividades xa constan no desenrolo de cada un dos cursos nesta programación.

Como xa quedou constatado, contamos con un grupo de PMAR en 3º de ESO .

Tamén continuamos este ano cos dous cursos de Seccións Bilingües, como especificaremos a continuación.

10 PROGRAMA DE SECCIÓNS BILINGÜES

De novo este ano temos este programa. Este curso haberá unha asignatura: Matemáticas que será impartidas no idioma Inglés.

Dado que o nivel dos alumnos, aínda que alto para o seu curso, ter que escoitar, estudar e traballar asignaturas tan complexas noutro idioma resúltalles bastante difícil, pese ó seu interese.

A valoración do programa impartido o ano pasado é satisfactoria para alumnos e mestres/as, polo que os grupos se manteñen e aumentan en número de alumnos.

Terá os seguintes obxectivos:

1. Comprender e elaborar mensaxes orais e escritos en lingua inglesa coa suficiente corrección e propiedade, adquirindo un dominio aceptable do vocabulario específico das diferentes materias.
2. Utilizar progresivamente a lingua inglesa como vehículo de comunicación.
3. Lograr un coñecemento básico de manifestacións culturais en xeral, e musicais en particular máis relevantes dos países de fala inglesa, en especial do Reino Unido e os Estados Unidos de América.

4. Adquirir un manexo suficiente, autónomo e crítico de fontes de información en lingua inglesa, tanto as de carácter enciclopédico ou bibliográfico como, especialmente, as ligadas ás novas tecnoloxías da comunicación (Internet).
5. Superar temores de cara ó uso doutras linguas, que bloquean na práctica un manexo máis eficaz das mesmas.
6. Desenvolver unha actitude máis aberta e desexosa de comunicarse con persoas doutros países e coñecer a súa cultura.

Recursos Humanos:

Foi concedida pola administración un asistente de linguas, que ten previsto comezar en outubro. É sempre desexable para un maior aproveitamento do proxecto por parte do alumnado, a incorporación á docencia dun Auxiliar nativo de conversación.

11 PROGRAMA ESPECÍFICO PARA A RECUPERACIÓN DA MATERIA PENDENTE.

Ó tratarse a materia de inglés dunha materia con contidos progresivos, sumativos e acumulativos, o procedemento para a superación da materia de inglés pendente e as actividades de avaliación e programación específica e temporizada, estarán formadas pola avaliación continua que se realice no curso no que está matriculado o alumnado ou polas probas específicas que se detallan a continuación.

- Duas avaliacións positivas no curso no que está matriculado supón a recuperación da materia pendente do curso ou cursos anteriores. Do mesmo xeito, a superación do curso superior, implica que recupera o curso que ten pendente.
- Haberá tamén dúas probas obxectivas escritas, temporizadas unha no mes de xaneiro, e para os alumnos que non superen esta proba, outra no mes de maio.
- Se en estas condicións o alumno non consegue recuperar a materia, terá dereito a realizar unha proba extraordinaria.

Con respecto á Programación Específica dos cursos pendentes, coincidirá cos mínimos do curso non superado. **No exame non haberá probas de speaking ou listening.**

12 ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Consideramos que as actividades extraescolares son un medio complementario para a educación do alumnado, non só a nivel de adquisición de coñecementos académicos senón tamén como formación integral dos mesmos ó poñerse en xogo valores actitudinais, de comportamento e saber estar en distintos contextos que non se poderían experimentar no propio centro.

Polo tanto o departamento de lingua inglesa, ca idea de mellora as destrezas lingüísticas que comporta calquera idioma, tiña por costumbre programar distintas actividades ó longo do curso relacionadas con dito idioma e consideradas de interese por parte do profesorado así como motivadoras e atractivas para o alumnado, como a asistencia a unha obra de **teatro** escollida entre as que nos oferten as diferentes compañías, actividade que vimos facendo dende hai anos neste centro e que é considerada de gran interese e aproveitamento polo alumnado en xeral. Tratamos de que non sexa unha actividade discriminatoria polo seu custo e aproveitamos a excursión para facer unha visita a un museo, exposición etc.

Tentaremos facer un intercambio dentro do traballo do grupo Erasmus así como **Concursos, presentacións** e outras probas relacionadas cos países anglosaxons e a súa cultura como thanksgiving, halloween etc. e tamén algunha aportación na Semana Cultural do centro.

Folga dicir que, como actividades complementarias para a aprendizaxe do inglés, os alumnos contan a día de hoxe, tanto na TV dixital como en internet, de cantidade de programas e recursos para practicar as distintas destrezas. Tamén hai que mencionar a existencia de revistas destinadas a mellorar o coñecemento do inglés, algunhas das cales están á disposición do alumnado na biblioteca do centro e que constan da propia revista, CD interactivo, DVD con película e libelo relativo á película con exercicios.

O Programa Erasmus, do que formamos parte dende hai varios anos, tamén é un aspecto moi motivador para o noso alumnado.

13 PROGRAMA LECTOR: FOMENTO DA LECTURA

Como aparece explicitado nesta programación, neste centro temos como obrigatorios libros de lectura en todos os cursos da ESO e nos dous cursos de BAC.

Este ano tentaremos de que a vida saudable, sexa o tema de moitos destes libros, pois este foi o tema que se vai traballar por proxectos nalgúns cursos, coordinados polo equipo Erasmus do cal formamos parte.

Teremos un libro de lectura en 1º e outro en 2º de ESO, tres libros de lectura ó ano en 3º, 4º eso e 1º, 2º BAC. Consideramos que este é un bo sistema de fomento da lectura, xa que os libros son sempre elixidos polo mestre/mestra cun criterio de interese e atractivo para o

alumnado. Sempre hai exemplares na biblioteca(mínimo 10) para que os alumnos con menos recursos dispoñan deles.

Para axudar ós alumnos coa lectura adicaremos algunhas clases a ler o libro do trimestre, correxindo a pronunciación e facendo reflexionar ós alumnos sobre o significado do texto lido por medio de preguntas de comprensión e outros exercicios similares.

Propoñemos as seguintes actividades para desenvolver a competencia lectora en inglés:

- Lectura en voz alta de textos por parte dos alumnos.
- Grupos de lectura dentro e fóra da aula, apoio ao Club de Lectura do centro.
- Lectura graduada relacionada coa linguaxe e/ou tema da unidade na casa.

14 TECNOLOXIAS DA INFORMACION E DA COMUNICACIÓN NA AULA

<p>Obxectivos:</p>	<p>Favorecer a aprendizaxe da lingua estranxeira.</p> <p>Adquirir habilidades tecnolóxicas e comunicativas.</p> <p>Facilitar o acceso á información en soporte dixital.</p> <p>Investigar e contrastar información.</p> <p>Facer un uso axeitado de Internet e das redes sociais.</p> <p>Uso de redes sociais, correo electrónico, mensaxes, etc.</p> <p>Crear documentos en formato dixital.</p> <p>Descargar e compartir recursos.</p>
<p>Recursos:</p>	<p>Conexión a Internet</p> <p>Sala de informática/aula idiomas.</p> <p>Ordenadores, tabletas, netbooks, portátiles</p> <p>Pizarra dixital</p> <p>EDIXGAL en 1º e 2º ESO</p>
<p>Programas /</p>	<p>Páxinas web e AULA VIRTUAL DO CENTRO</p>

Aplicacións:	Wikis Procesadores de texto Ebooks Blogs Skype – WEBEX-TEAMS Google sites Redes sociais Libro texto/workbook
--------------	---

No noso centro véñense realizando nos derradeiros cursos cursos de formación e asesoramento relacionados cas TICS no que estivemos traballando varios membros do noso departamento. Os coñecementos acadados neses cursos poñémolos en práctica nas nosas clases. Destacamos o manexo da aula virtual do centro e o uso de blogues cos que podemos interactuar co alumnado.

Por outra banda, os libros de texto veñen provistos dun CD-Rom e recursos web para a realización de actividades interactivas por parte do alumno, ben de forma autónoma na súa casa, ou ben na aula de informática ca que conta o centro. Ademais as editoriais ofrecen nas súas páxinas web actividades que complementan o proceso de aprendizaxe, como xogos destinados a consolidar e mellorar as distintas destrezas comunicativas .

Varios traballos dos alumnos, especialmente en 3º e 4º de Eso fanse en vídeo ou formato MP4.

15 PROGRAMACIÓN DE 2º ESO

15.1 materias e recursos didácticos

Os recursos e medios que vamos a empregar son os seguintes:

- Libros do alumno: (Student´s Book): Mosaic 2, da editorial Oxford University Press;
- Cadernos de actividades (Workbook).
- Guías do profesor (Teacher´s Book)
- Xeradores de tests .

- Cds de audio e DVDs con vídeos sobre a actualidade, cultura, situacións cotiás etc. dos países anglo-parlantes.
- Internet e as distintas páxinas que ofrecen as editoriais.
- Libros de lectura para os alumnos: leerase un libro por curso, animando aos alumnos a que completen os seus coñecementos da lingua con libros de lectura axeitados ao seu nivel.
- Aula de idiomas con portátiles para os alumnos.
- Material auténtico (revistas, periódicos, posters, xogos.....).
- Ordenadores EDIXGAL.

15.2 Competencias clave

A. Competencia en comunicación lingüística:

O estudo dunha lingua estranxeira contribúe ao desenvolvemento desta competencia dun xeito directo, completando, enriquecendo e enchendo de novos matices comprensivos e expresivos esta capacidade comunicativa xeral. A competencia en comunicación lingüística refírese á utilización da linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita, de representación, interpretación e comprensión da realidade, de construción e comunicación do coñecemento e de organización e autorregulación do pensamento, as emocións e a conduta. O libro de texto elixido ofrece unha gran variedade de actividades que promueven a comunicación real no aula, cun desenvolvemento sistemático das destrezas escritas e orais e moitas oportunidades para personalizar.

A través dos materiais de Mosaic, os alumnos utilizarán a linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita que se desenvolverá a través de actividades de comprensión oral, construción de vocabulario e coñecementos básicos de fonética.

Todas as unidades do libro do alumno desenvolven esta competencia. O cadro Say it! invita a dicir novos sons e a mellorar a práctica oral. Tamén a sección final de actividades adicionais do libro do alumno traballa sobre esta competencia (pp. 132-134).

O vídeo interactivo ofrece aos estudantes a posibilidade de practicar a linguaxe presentada na Practical English page, desde preguntar e dar información persoal, falar de actividades de tempo libre, facer suxestións, dar opinións, preguntar información, ordenar comida, ir de compras, preguntar e dar direccións ata realizar unha conversación telefónica ou facer plans para o fin de semana.

B. Competencia dixital:

As tecnoloxías da información e a comunicación ofrecen a posibilidade de comunicarse en tempo real con calquera parte do mundo e tamén o acceso sinxelo e inmediato a un fluxo incesante de información que aumenta cada día. O coñecemento dunha lingua estranxeira

ofrece a posibilidade de comunicarse utilizando as novas tecnoloxías creando contextos reais e funcionais de comunicación. Esta competencia consiste en dispoñer de habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información e transformala en coñecemento.

Para iso dispónse para o traballo en todas as unidades de:

iPack: material para usar en pizarras dixitais inclúe presentacións, exercicios, práctica para efectuar diálogos, vídeos e xogos para aprender inglés dixitalmente.

Digital Workbook tamén ofrece actividades interactivas.

Oxford Online Learning Zone e recursos na web de Oxford University Press España con práctica interactiva, webquests, video, material de audio para os dictados do WB, etc.

vídeo interactivo 'Kit's travel' ofrece aos alumnos unha historia multimedia interesante para consolidar a súa aprendizaxe durante todo o curso.

Actividades con vocabulario típico da linguaxe multimedia, por exemplo :

Nas unidades 3, 6, 9 os alumnos utilizan internet para buscar información e usan variedade de aplicacións informáticas par proceder.

Project 1 (p44-45): os alumnos preparan un xornal sobre a súa clase, e poden elixir un programa online para crealo e presentar o seu traballo de forma electrónica.

Project 2 (p82-83): os alumnos colaboran para obter información (incluída online), organizala electrónicamente para crear infografías e compartir os resultados do seu estudo.

Project 3 (p120-121): os alumnos anímanse a utilizar videos e podcasts nas súas presentacións sobre un membro importante da súa comunidade.

C. Competencia para aprender a aprender.

A aprendizaxe dunha lingua estranxeira rendibilízase enormemente si inclúense contidos directamente relacionados coa reflexión sobre a propia aprendizaxe, identificando como aprenden mellor e que estratexias fanos máis eficaces. Isto comporta a conciencia daquelas capacidades que entran en xogo na aprendizaxe como a atención, a concentración, a memoria, a comprensión, a expresión lingüística e a motivación do logro entre outras.

En todas as unidades do proxecto os alumnos desenvolverán destrezas e aprenderán estratexias e habilidades que lles farán conscientes do que saben e do que é necesario aprender como; a observación visual e auditiva, a memoria a través da repetición, a concentración e a reflexión no traballo, a capacidade de elixir e opinar por eles mesmos, a organización e o método a través das rutinas, a disciplina e os hábitos de estudo para a consecución das metas e logros. Reflexionando sobre a propia aprendizaxe identificarán como aprender mellor e que estratexias os fan máis eficaces e favorecerase a autonomía e

iniciativa persoal así como tómaa de decisións racional e críticamente. En síntese, conciencia, xestión e control das propias capacidades e coñecementos.

Esta competencia desenvólvese no cadro Learn it! de cada unidade.

Unidade 1 (p10) os estudantes identifican pares de verbos para clarificar o seu significado e axudar á súa memorización.

Unidade 2 (p22) os estudantes usan imaxes para crear un vínculo visual e deste xeito memorizar o novo vocabulario.

Unidade 3 (p38) os estudantes usan o contexto para identificar o significado das palabras destacadas.

Unidade 4 (p55) os estudantes utilizan claves visuais para comprender e consolidar o sentido dun diálogo.

Unidade 5 (p63) os estudantes interactúan en grupos identificando patróns e inferindo regras para a formación dos adverbios de comparación e de superlativo.

Unidade 6 (p73) os estudantes examinan en orde un texto para localizar información específica.

Unidade 7 (p91) os estudantes identifican información relevante nun texto para completar un arquivo de datos.

Unidade 8 (p101) os estudantes escollen unha área de investigación e usan un modelo para crear un estudo.

Unidade 9 (p112) os estudantes identifican vocabulario en diferentes categorías para contextualizar a aprendizaxe.

Esta competencia tamén se pode practicar no Workbook, onde os alumnos evaluarán o seu propio progreso na self-evaluation do Review de final de cada unidade.

D. Competencias sociais e cívicas.

As linguas serven aos falantes para comunicarse socialmente, pero tamén son vehículo de comunicación e transmisión cultural. Aprender unha lingua estranxeira implica o coñecemento de trazos e feitos culturais vinculados ás diferentes comunidades de falantes da mesma. Este feito favorece a comprensión da realidade social en que se vive, o respecto, o recoñecemento e a aceptación de diferenzas culturais e de comportamento, promove a tolerancia e a integración e axuda a comprender e apreciar tanto os trazos de identidade como as diferenzas.

Todas estas habilidades sociais traballaranse e reflectirán no noso proxecto educativo, ao longo de todo o curso. En xeral as actividades de Mosaic posto que convidan os alumnos a

traballar cooperativamente en parellas ou en pequenos grupos e en especial Language in action, Practical English e o vídeo dialogue no iPack ofrecen a posibilidade de mellorar a competencia social e cidadá. Ademais os temas das unidades e cada un dos textos promoven un sentido de responsabilidade ética e un espírito comunitario. En concreto achamos:

Unidade 1: (p11) os alumnos comunícanse de forma activa cos outros realizando preguntas e compartindo experiencias. (p10/11) Os alumnos comparan leccións ensinadas ao redor do mundo e consideran como compartir experiencias pode promover a cohesión social..

Unidade 2: (p27) os alumnos expresan preferencias e mostran empatía describindo obxectos que son importantes para eles. (p21) Os alumnos consideran como foron de importantes os descubrimentos históricos e como os dispositivos de todo o mundo impactaron na historia humana e continúan facéndoo no presente .

Unidade 3: (p36) os alumnos reflexionan acerca do impacto das accións humanas sobre o medio ambiente e consideran actividades construtivas que poidan contribuír xunto ao desenvolvemento sustentable. (Unit topic): Os alumnos fan suxestións e dan a súa opinión sobre como a tecnoloxía cambiará as nosas vidas no futuro e que responsabilidade temos nós para coidar o planeta para futuras xeracións.

Unidade 4: (p47) os estudantes consideran formas de gastar o diñeiro de forma responsable e o efecto das decisións que tomen. (p52/53) Os alumnos investigan acerca de como as tradicións locais das Illas Solomon contribúen á identidade e cohesión social.

Unidade 5: (p62) os estudantes expanden o seu coñecementos acerca do que contribúe ao seu benestar considerando estilos de vida sa. (p62/63) Os alumnos realizan actividades para contribuír á conciencia de si mesmos e para empatizar cos sentimentos dos seus compañeiros.

Unidade 6: (p79) os estudantes demostran a súa habilidade para comunicarse de forma construtiva nunha entrevista para axudar como voluntario. (p78/79) Os alumnos reflexionan que habilidades benefician á sociedade de diferentes modos e consideran as habilidades e as forzas propias.

Unidade 7: (p93) os estudantes comunican regras e avisan aos demais. (p88) Os alumnos mostran respecto cara a outros nenos entendendo os perigos que algúns estudantes ao redor do mundo teñen que pasar de camiño ao colexio.

Unidade 8: (p105) os estudantes mostran tolerancia, resollen conflitos e negocian cos compañeiros para chegar a un compromiso. (p102/103) Os alumnos coñecen as redes veciñais locais e a contribución que realizan estes grupos ou persoas individuais á comunidade.

Unidade 9: (p117) os alumnos colaboran identificando un obxectivo común discutindo maneiras nas que cada un pode usar as súas forzas particulares para contribuír a un evento común. (p117) Os estudantes participan creando un proxecto comunitario e considerando como as persoas traballan unidas para crear un evento social.

E. Conciencia e expresións culturais:

Esta competencia supón coñecer, comprender, apreciar e valorar críticamente diferentes manifestacións culturais e artísticas. A aprendizaxe dunha lingua estranxeira colabora no desenvolvemento desta competencia se os modelos lingüísticos que se utilizan conteñen, aínda coas limitacións desta etapa, producións lingüísticas con compoñente cultural. Trátase, por tanto, dunha competencia que facilita tanto expresarse e comunicarse como percibir, comprender e enriquecerse con diferentes realidades e producións do mundo da arte e da cultura.

Un dos obxectivos do libro do alumno é fomentar e incrementar a comprensión cultural. As súas seccións están deseñadas para que os alumnos pensen na súa propia cultura e establezan comparacións cunha de fala inglesa. Esta competencia supón por tanto coñecer, comprender, apreciar e valorar críticamente manifestacións culturais e artísticas do patrimonio doutros pobos.

O apartado Around the world de cada unidade axuda aos alumnos a crear as súas propias ideas, ademais a sección Warm-Up videos e Culture Videos estimula ós alumnos a falar sobre os temas presentados.

Unidade 1: (p14) Similitudes humanas esenciais en varias culturas. Como a pesar das diferenzas xeográficas e culturais, en moitos aspectos todas as experiencias dos alumnos teñen cuestións similares.

Unidade 2: (p26) Titanic. Aprender cuestións acerca deste significativo episodio na historia e empatizar cos individuos que se viron implicados.

Unidade 3: (p39) Problemas experimentados polos alumnos noutros lugares do mundo xerar apreciación acerca de diferentes puntos de vista.

Unidade 4: (p52) Comparar as experiencias propias con outras tradicións culturais, e fomentar a aceptación de diferentes manifestacións culturais e da diversidade.

Unidade 5: (p64) Importancia da cultura popular contemporánea, e permítelles expresar o seu propio punto de vista mentres mostran respecto e tolerancia cara ás opinións dos seus compañeiros.

Unidade 6: (p76) Práctica cultural na India. Comparar aspectos da vida doutras persoas cos propios, axudando deste xeito a atopar puntos de coincidencia con outras culturas.

Unidade 7: (p90) Símbolo nacional de Nova Zelandia. Apreciar e comprender as tradicións folclóricas e os símbolos na cultura humana.

Unidade 8: (p102) Comparación entre o modo de vida en diferentes barrios entendendo como as relacións entre a comunidade local poden apoiar ás persoas, animándolles a non xulgar sociedades que son diferentes da propia.

Unidade 9: (p114) Comprender os aspectos da cultura contemporánea en Australia.

A sección Did you know...? de cada unidade axuda aos alumnos a comprender outros países e a outras culturas.

Esta competencia tamén se desenvolve noutros apartados do libro do alumno como en Language in action e nas actividades de speaking and writing nas cales se suxire aos alumnos que expoñan as súas opinións de forma creativa.

F. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.

Utilizar números e as súas operacións básicas, os símbolos e as formas de expresión e Competencia matemática para producir e interpretar informacións, para coñecer máis sobre aspectos cuantitativos e espaciais da realidade e para resolver exemplo problemas relacionados coa vida diaria. Forma parte da Competencia matemática a habilidade para interpretar e expresar con claridade e precisión informacións, datos e argumentacións.

En moitas das unidades preséntanse datos que os alumnos deben analizar para sacar as súas propias conclusións e utilizar a información extraída de forma adecuada á tarefa que se solicita. Por exemplo, analizar información nas seccións de Reading e presentar datos/argumentos nas tarefas de Writing. Así por exemplo na:

Unidade 2: (p26) os alumnos interpretan o significado de varias figuras e datos e aplican o seu coñecemento relacionando o exercicio.

Unidade 3: (p33) os alumnos consideran diversas teorías científicas e conversan sobre o impacto que poden chegar a ter. (p36) Os estudantes interpretan teorías sobre o futuro do medio ambiente, e dentro do contexto unen números e feitos.

Unidade 4: (p51) os alumnos aprenden a comunicar en linguaxe matemática, considerando os erros comúns na expresión de fraccións. (p55) Os estudantes aplican principios básicos matemáticos para o contexto habitual de comprar e calcular as voltas.

Unidade 7: (p90/91) os alumnos demostran interrogantes científicos considerando como o kiwi evolucionou ao longo do tempo.

Unidade 8: (p106) os alumnos razoan matematicamente recompilando e interpretando os resultados dun estudo, e expresan o resultado nun traballo escrito.

Partindo do coñecemento do corpo humano, da natureza e da interacción dos homes e mulleres con ela, permite argumentar racionalmente as consecuencias duns ou outros modos de vida, e adoptar unha disposición a unha vida física e mental saudable nunha contorna natural e social tamén saudable. Son parte desta competencia básica o uso responsable dos recursos naturais, o coidado do medio ambiente, o consumo racional e responsable, e a protección da saúde individual e colectiva como elementos cruce da calidade de vida das persoas.

Ao longo do curso trátanse diversos temas relacionados co coñecemento e a interacción co mundo físico, como poden ser os recuadros 'Did you know...' que ofrecen detalles acerca do mundo da ciencia e a tecnoloxía.

No apartado Curriculum Extra CLIL worksheets trabállase esta competencia a partir de diversas áreas, así na:

Unidade 1 (p124) Matemáticas e Física: conceptos como masa, forza e velocidade e consideralos en relación co peso e o movemento dos obxectos.

Unidade 2 (p125) Debuxo e Tecnoloxía: propiedades de diferentes materiais e utilizar estes coñecementos.

Unidade 6 (p128) Bioloxía: avances na ciencia moderna e experiencias persoais nos procedementos médicos.

Unidade 7 (129) Xeografía: completar un diagrama cunha cadea alimentaria. Interdependencias nun ecosistema.

Unidade 8 (130) Ciencia: diagramas representando ondas de son.

G. Sentido de iniciativa y espíritu emprendedor.

A adquisición desta competencia implica ser creativo, innovador, responsable e crítico no desenvolvemento de proxectos individuais ou colectivos. A medida que os alumnos van adquirindo vocabulario e estruturas da nova lingua, vólvense máis autónomos.

Mosaic pon especial énfase en conseguir resultados efectivos na aprendizaxe da lingua inglesa, por tanto ofrece moitas posibilidades en cada unha das actividades para que todos os alumnos traballen de forma autónoma, asuman riscos e teñan a necesidade de expresarse creativamente.

Nas actividades de expresión oral convídase aos alumnos a expresar as súas opinións persoais, a contrastar as súas ideas e a compartir e a organizar o traballo en grupo, así nas unidades 1(p9), 3 (p39), 4 (p49), 6 (p73), 7 (p.87), 8 (p.101), 9 (p115) os alumnos inventan o contexto para producir o seu propio role play e as súas conversacións.

Además na:

Unidade 1: (p9) analizar as palabras e expresións compartindo noticias, conversan que métodos han de utilizar segundo a situación.

Unidade 3: (p39) colaborar para definir e analizar un problema e xuntos conversar e propoñer solucións.

Unidade 4: (p49) levantar a conciencia sobre os riscos que se toman e o foco de atención necesitado para ter éxito.

Unidade 6: (p73) comezar a construír un pensamento sobre a iniciativa e os riscos tomados a partir do texto, utilízalo para reflectir algunha das experiencias propias.

Unidade 7: (p87) considerar as regras que han de seguirse mentres participan en certas actividades ao aire libre. Entender porque as regras son necesarias para promover a seguridade.

Unidade 8: (p101) demostrar creatividade e unha boa xestión das tarefas, planeando e realizando un estudo acerca da televisión e o uso da internet.

Unidade 9: (p115) traballar de forma colaborativa para planear un festival.

Os alumnos teñen a posibilidade de desenvolver en grupo diferentes traballos (proxectos) despois de realizar as unidades 3,6 e 9 de traballar en cooperación e de estender os seus coñecementos máis aló da aprendizaxe dunha lingua.

Project 1: Class newsletter: os alumnos cooperan para crear un xornal de clase, negociando e distribuindo responsabilidades, controlando e ordenando as tarefas, e recoñecer os puntos fortes e débiles do produto final (p44-45).

Project 2: Infographics: os alumnos entenden e demostran o proceso de planear e administrar un proxecto e como analizar a información. (p82-83).

Project 3: In our community: os estudantes demostran iniciativa identificando un número de recursos dos cales recoller información. Constrúen un proxecto planificando e administrando as tarefas e presentando o traballo final (p120-121).

Nunha competencia non hai saberes que se adquiren exclusivamente nunha determinada materia e só serven para ela (sobre todo nesta e para esta). Con todo o que o alumno aprende nas diferentes materias (e non só na institución escolar) constrúe unha bagaxe cultural e de información que debe servirle para o conxunto da súa vida, que debe ser capaz de utilízalo en momentos precisos e en situacións distintas (a linguaxe é, a estes efectos, paradigmático). Por iso, calquera desas competencias poden alcanzarse se non en todas, si na maioría das materias curriculares, e tamén por iso en todas estas materias poderá utilizar e aplicar ditas competencias, independentemente de en cales as puidera adquirir

(transversalidade). Ser competente debe ser garantía de alcanzar determinadas aprendizaxes, pero tamén permitirá alcanzar outros, tanto na propia institución escolar como fóra dela, garantía da súa aprendizaxe permanente (ou, neste caso, capaz de comunicarse en situacións moi diversas, algunhas das cales o propio alumno nin sequera pode considerar aínda que terá que facelo).

Devandito isto, queda claro que hai unha evidente interrelación entre os distintos elementos do currículo, e que habemos de poñela de manifesto para utilizar adecuadamente cuantos materiais curriculares utilízanse no proceso de ensino-aprendizaxe. Cando nunha programación didáctica, como esta, indícanse os obxectivos dunha unidade (formulados, do mesmo xeito que os criterios de avaliación, en termos de capacidades), sábese que estes condicionan a elección duns contidos ou outros, da mesma forma que se deben indicar uns criterios de avaliación que permitan demostrar se o alumno alcánzaos ou non os alcanza. Por iso, os criterios de avaliación permiten unha dobre interpretación: por unha banda, os que teñen relación co conxunto de aprendizaxes que realiza o alumno, é dicir, haberá uns criterios de avaliación ligados expresamente a conceptos, outros a procedementos e outros a actitudes, xa que cada un destes contidos han de ser avaliados por ser traballados en clase e que son os que se avalían nos diferentes momentos de aplicación da avaliación continua; e por outro, haberá criterios de avaliación que foron formulados máis na súa relación coas Competencias clave.

<p>PLEB5.8. Non participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.</p>	<p>PLEB5.8. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.</p>	<p>PLEB5.8. Participa sen dificultade en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, reseña de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.</p>	<p>PLEB5.8. Participa sempre adecuadamente en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, reseña de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos o culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.</p>

Contidos mínimos en gramática e vocabulario

Grammar	Vocabulary
<p>Plurais regulares e irregulares.</p> <p>Presente simple.</p> <p>Presente continuo, con valor de presente e futuro .</p> <p>Question words.</p> <p>Past simple (regular and irregular verbs).</p> <p>Pasado continuo.</p> <p>There was/were.</p> <p>Future tense:will,going to ,present continuous.</p> <p>Habilidade: can , could,can't ,couldn't.</p> <p>Used to.</p> <p>Conditional sentences type1(if/unless).</p> <p>Present perfect(ever /never).</p> <p>Comparativo e superlativo.</p> <p>Preposicións: in, on, at, under...e preposicións de movemento</p> <p>Contables incontables</p> <p>Modals:must –should-have to.</p> <p>Adv, de modo e frecuencia</p> <p>Indefinite pronouns(somebody,something....)</p> <p>Quantifiers.</p> <p>All types of personal pronouns and adjectives,including reflexive.</p>	<p>Clothes</p> <p>Materials</p> <p>Feelings(adjectives)</p> <p>Containers</p> <p>The body and health</p> <p>The environment</p> <p>Money</p> <p>Movement(verbs and prepositions)</p> <p>Life stages</p> <p>Jobs</p> <p>Tv programmes</p> <p>Everyday items</p> <p>Street objects</p> <p>Kitchen gadgets</p> <p>Describing people and places.</p> <p>Suggestions and opinions</p>

15.4 Temporalización

Trátase dunha temporalización adaptable ó perfil dos grupo-clase. O profesorado poderá adaptar as actividades segundo as necesidades do seu alumnado, tanto nas actividades de ensino-aprendizaxe como nas actividades de avaliación.

Igualmente debe terse en conta que no ámbito do ensino dunha lingua estranxeira hai estándares de aprendizaxe que se traballarán durante todo o curso: tal é o caso daqueles pertencentes ós BLOQUES 1,2,3 e 4.

Polo que respecta ó BLOQUE 5 (Coñecemento da lingua e conciencia intercultural) seguirase a secunciación por unidades proposta polos manuais utilizados en cada nivel, do xeito especificado na seguinte táboa:

UNIDADE	Aprox. Nº Sesións (50 minutos por session)	TRIMESTRE
RevisionUnit	6	1ºtrimestre
1	10	
2	10	
3	10	
4	10	2º trimestre
5	10	
6	10	
7	10	3º trimestre
8	10	
9	10	

Nembargantes, na realidade, as capacidades, intereses, necesidades e demais características de cada grupo, marcarán o ritmo de traballo.

15.5 Elementos transversais

O noso proxecto Mosaic incorpora e desenvolve o conxunto de elementos transversais recollidos pola LOMCE e polo Decreto 86/2015, de 25 de xuño, polo que se establece o currículo na Comunidade Autónoma de Galicia.

Como é de esperar, na materia da lingua inglesa se traballan principalmente a comprensión lectora, a expresión oral e escrita en tódalas unidades; pero tamén se traballan a comunicación audiovisual e as TIC a través de:

O iPack: material para usar en pizarras dixitais inclúe presentacións, exercicios, práctica para efectuar diálogos, vídeos e xogos para aprender inglés dixitalmente.

O Digital Workbook tamén ofrece actividades interactivas.

O Oxford Online Learning Zone e recursos na web de Oxford University Press España con práctica interactiva, webquests, vídeo, material de audio para os ditados do WB, etc.

O vídeo interactivo 'Kit's travel' ofrece ós alumnos unha historia multimedia interesante para consolidar a súa aprendizaxe durante todo o curso.

Actividades con vocabulario típico da linguaxe multimedia, por exemplo :

Nas unidades 3, 6, 9 os alumnos utilizan internet para buscar información e usan variedade de aplicacións informáticas para proceder.

Project 1 (p44-45): os alumnos preparan un xornal sobre a súa clase, e poden elixir un programa online para crealo e presentar o seu traballo de forma electrónica.

Project 2 (p82-83): os alumnos colaboran para obter información (incluída online), organizala electrónicamente para crear infografías e compartir os resultados do seu estudo.

Project 3 (p120-121): os alumnos anímanse a utilizar videos e podcasts nas súas presentacións sobre un membro importante da súa comunidade.

O emprendemento tamén se traballa en Mosaic xa que a adquisición desta competencia implica ser creativo, innovador, responsable e crítico no desenvolvemento de proxectos individuais ou colectivos. A medida que os alumnos van adquirindo vocabulario e estruturas da nova lingua, vólvense máis autónomos.

Mosaic pon especial énfase en conseguir resultados efectivos na aprendizaxe da lingua inglesa, por tanto ofrece moitas posibilidades en cada unha das actividades para que todos os alumnos traballen de forma autónoma, asuman riscos e teñan a necesidade de expresarse creativamente.

Nas actividades de expresión oral convídase aos alumnos a expresar as súas opinións persoais, a contrastar as súas ideas e a compartir e a organizar o traballo en grupo, así nas unidades 1(p9), 3 (p39), 4 (p49), 6 (p73), 7 (p.87), 8 (p.101), 9 (p115) os alumnos inventan o contexto para producir o seu propio role play e as súas conversacións.

Además na:

Unidade 1: (p9) analizan as palabras e expresións compartindo noticias, conversan que métodos han de utilizar segundo a situación.

Unidade 3: (p39) colaborar para definir e analizar un problema e xuntos conversar e propoñer solucións.

Unidade 4: (p49) levantar a conciencia sobre os riscos que se toman e o foco de atención necesitado para ter éxito.

Unidade 6: (p73) comezar a construír un pensamento sobre a iniciativa e os riscos tomados a partir do texto, utilízalo para reflectir algunha das experiencias propias.

Unidade 7: (p87) considerar as regras que han de seguirse mentres participan en certas actividades ao aire libre. Entender porque as regras son necesarias para promover a seguridade.

Unidade 8: (p101) demostrar creatividade e unha boa xestión das tarefas, planeando e realizando un estudo acerca da televisión e o uso da internet.

Unidade 9: (p115) traballar de forma colaborativa para planear un festival.

Os alumnos teñen a posibilidade de desenvolver en grupo diferentes traballos (proxectos) despois de realizar as unidades 3,6 e 9 de traballar en cooperación e de estender os seus coñecementos máis aló da aprendizaxe dunha lingua.

Project 1: Class newsletter: os alumnos cooperan para crear un xornal de clase, negociando e distribuindo responsabilidades, controlando e ordenando as tarefas, e recoñecer os puntos fortes e débiles do produto final (p44-45).

Project 2: Infographics: os alumnos entenden e demostran o proceso de planear e administrar un proxecto e como analizar a información. (p82-83).

Project 3: In our community: os estudantes demostran iniciativa identificando un número de recursos dos cales recoller información. Constrúen un proxecto planificando e administrando as tarefas e presentando o traballo final (p120-121).

Mosaic tamén fomenta a educación cívica e constitucional en cada unha das unidades, xa que se aprende sobre un tema nun contexto social e histórico e se fomenta o sentido da responsabilidade ética e o espírito comunitario:

Unidade 1: (p11) os alumnos comunícanse de forma activa cos outros realizando preguntas e compartindo experiencias. (p10/11) Os alumnos comparan leccións ensinadas ao redor do mundo e consideran como compartir experiencias pode promover a cohesión social..

Unidade 2: (p27) os alumnos expresan preferencias e mostran empatía describindo obxectos que son importantes para eles. (p21) Os alumnos consideran como foron de importantes os descubrimentos históricos e como os dispositivos de todo o mundo impactaron na historia humana e continúan facéndoo no presente .

Unidade 3: (p36) os alumnos reflexionan acerca do impacto das accións humanas sobre o medio ambiente e consideran actividades construtivas que poidan contribuír xunto ao desenvolvemento sustentable. (Unit topic): Os alumnos fan suxestións e dan a súa opinión sobre como a tecnoloxía cambiará as nosas vidas no futuro e que responsabilidade temos nós para coidar o planeta para futuras xeracións.

Unidade 4: (p47) os estudantes consideran formas de gastar o diñeiro de forma responsable e o efecto das decisións que tomen. (p52/53) Os alumnos investigan acerca de como as tradicións locais das Illas Solomon contribúen á identidade e cohesión social.

Unidade 5: (p62) os estudantes expanden o seu coñecementos acerca do que contribúe ao seu benestar considerando estilos de vida sa. (p62/63) Os alumnos realizan actividades para contribuír á conciencia de si mesmos e para empatizar cos sentimentos dos seus compañeiros.

Unidade 6: (p79 os estudantes demostran a súa habilidade para comunicarse de forma construtiva nunha entrevista para axudar como voluntario. (p78/79) Os alumnos reflexionan que habilidades benefician á sociedade de diferentes modos e consideran as habilidades e as forzas propias.

Unidade 7: (p93) os estudantes comunican regras e avisan aos demais. (p88) Os alumnos mostran respecto cara a outros nenos entendendo os perigos que algúns estudantes ao redor do mundo teñen que pasar de camiño ao colexio.

Unidade 8: (p105) os estudantes mostran tolerancia, resollen conflitos e negocian cos compañeiros para chegar a un compromiso. (p102/103) Os alumnos coñecen as redes veciñais locais e a contribución que realizan estes grupos ou persoas individuais á comunidade.

Unidade 9: (p117) os alumnos colaboran identificando un obxectivo común discutindo maneiras nas que cada un pode usar as súas forzas particulares para contribuír a un evento

común. (p117) Os estudantes participan creando un proxecto comunitario e considerando como as persoas traballan unidas para crear un evento social.

15.6 programación de 2º eso pmar

Materiais :

Book: Mosaic 2 Essential Practice, Oxford University Press . Ordenadores EDIXGAL.

Ademais do devandito libro de texto, o profesorado dispón de material adicional para atender aos diferentes niveis de capacidade do alumnado, así como unha ampla información sociocultural e interdisciplinar, en distintos tipos de formato (material impreso, dixital e audiovisual). Este manual motivará ao alumnado na aprendizaxe do inglés porque lles proporciona as capacidades que necesitan para alcanzaren unha auténtica competencia comunicativa. Trátase de materiais ben estruturados e sinxelos de usar que lles facilitarán a adquisición das competencias básicas que recolle a lei educativa, enfocados ao desenvolvemento das destrezas de vocabulario, á gramática, á lectura e ás estratexias de comunicación.

Os métodos ofrécenlles numerosas ocasións para que amplíen os seus coñecementos sobre temas socioculturais. Por outra banda, e como xa se fixera en cursos anteriores, este departamento pretende inculcar no alumnado o interese pola lectura, polo que ten previsto ler un libro ó longo do curso. Faráse unha proba escrita ou oral despois da lectura co obxecto de ver a comprensión do alumnado sobre dito libro.

Características do alumnado:

Son alumnos/as que comezan este curso da ESO sen ter acadados case ningún dos obxectivos de primeiro. Son alumnos que repetiron algún curso e teñen dificultades . Adoitan reunir varias destas características:

- Teñen serias dificultades na aprendizaxe.
- Gústalles aprender mentres xogan ou realizan actividades lúdicas, custalles traballar.
- Non sempre é fácil espertar a súa curiosidade.
- Non sempre lles gusta expresar o que senten.
- Son incapaces de organizar e analizar a súa propia aprendizaxe.
- Non todos se expresan de forma coherente e correcta na súa propia lingua.
- Non lles gusta ler na clase.

-presentan problemas de conducta.

Contribución da materia de Lingua Estranxeira á adquisición das competencias básicas

A aprendizaxe dunha lingua estranxeira contribúe á adquisición das seguintes competencias:

Competencia en comunicación lingüística ao completar, enriquecer e buscar novos matices comprensivos e expresivos nesta capacidade comunicativa xeral. Unha aprendizaxe da lingua estranxeira baseada no desenvolvemento de habilidades comunicativas contribuirá ao desenvolvemento desta competencia básica no mesmo sentido que o fai a primeira lingua. A contribución da lingua estranxeira ao desenvolvemento desta competencia é primordial no discurso oral ao adquirir as habilidades de escoitar, falar e conversar. Así mesmo, a aprendizaxe da lingua estranxeira mellora a competencia comunicativa xeral ao potenciar a habilidade de se expresar oralmente e por escrito.

Competencia para aprender a aprender ao facilitar ou completar a capacidade do alumnado para interpretar ou representar a realidade e así construír coñecementos, formular hipóteses e opinións, expresar e analizar sentimentos e emocións. Doutra banda, a competencia para aprender a aprender rendibilízase enormemente se se inclúen contidos directamente relacionados coa reflexión sobre a propia aprendizaxe. Esa é a razón da inclusión no currículo dun apartado específico de reflexión sobre a mesma. O desenvolvemento de estratexias diversas de aprender a aprender prepara o alumnado de forma progresiva para a toma de decisións que favorecen a autonomía, co fin de utilizar e de seguir aprendendo a lingua estranxeira ao longo da vida.

Competencia social e cidadá ao favorecer o respecto, o interese e a comunicación con falantes doutras linguas e o recoñecemento e a aceptación de diferenzas culturais e de comportamento. O intercambio de información persoal axuda a reforzar a identidade dos interlocutores. Doutra banda, en lingua estranxeira é especialmente relevante o traballo en grupo e en parellas. A través destas interaccións, apréndese a participar, a expresar as ideas propias e a escoitar as alleas, poténciase a habilidade para construír diálogos, negociar significados, tomar decisións valorando as achegas dos compañeiros, conseguir acordos, e, en definitiva, favorécese a aprendizaxe dos demais e cos demais.

Competencia en tratamento da información e competencia dixital ao acceder de xeito sinxelo e inmediato á información que se pode atopar nesta lingua, á vez que ofrece a posibilidade de comunicármolos utilizándoa. Ademais, facilita a comunicación persoal a través do correo electrónico en intercambios coa xuventude doutros lugares e, o que é máis importante, crea contextos reais e funcionais de comunicación. Este uso cotián contribúe directamente ao desenvolvemento desta competencia.

Competencia artística e cultural ao incluír un achegamento a manifestacións culturais propias da lingua e dos países onde se fala e propiciar unha aproximación a obras ou autores que contribuíron á creación artística. Así mesmo, a área contribúe ao desenvolvemento desta competencia cando se facilita a expresión de opinións, gustos e

emocións que producen diversas manifestacións culturais e artísticas e cando se favorecen os traballos creativos individuais e en grupo, como poden ser a realización e a representación de simulacións e narracións.

Competencia autonomía e iniciativa persoal ao fomentar o traballo cooperativo na aula, o manexo de recursos persoais e de habilidades sociais e de colaboración e de negociación, o que supón poñer en funcionamento determinados procedementos que permiten a realización de iniciativas e a toma de decisións na planificación, organización e xestión do traballo, propiciando así a autonomía e a iniciativa persoal.

Concrecións metodolóxicas da materia: PMAR

Aplicaranse as concrecións metodolóxicas citadas anteriormente, pero tendo en conta os seguintes aspectos:

No Programa de mellora de Aprendizaxe e Rendemento (PMAR) utilizarase unha metodoloxía específica a través da organización dos contidos e das actividades prácticas.

Dadas as características e necesidades educativas e o número reducido do grupo de alumnos e alumnas que conforman PMAR, o traballo será individualizado, reforzando e consolidando aprendizaxes de forma participativa. Incidirase na flexibilidade dos tempos de realización de actividades de aprendizaxe e avaliación, así como na diversidade das mesmas, que faciliten acadar os mínimos esixibles para todo o alumnado do grupo. Adaptaranse os criterios de cualificación, establecendo un equilibrio entre o grao de participación e traballo diario no grupo e os resultados acadados nas distintas probas orais e escritas. Asimesmo, adaptaranse os instrumentos de avaliación cando sexa necesario.

Primeira Lingua Estranxeira. 2º de ES0 PMAR

Obx.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución	Temporalización			CCs	Procedementos e Instrumentos
					trimestral				
					1ºTr.	2ºTr.	3ºTr.		
Bloque 1. Comprensión de textos orais									
a c d i	<p>B1.2. Uso de estratexias de comprensión das mensaxes orais:</p> <p>Uso do contexto verbal e non verbal, e dos coñecementos previos sobre a situación (quen fala a quen, con que intencións, onde e cando) que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto.</p> <p>Uso dos coñecementos referenciais sobre o tema.</p> <p>Adaptación da escoita á súa finalidade (global e/ou específica).</p> <p>Identificación de palabras clave.</p> <p>Identificación dos recursos lingüísticos ou temáticos adquiridos.</p> <p>Inferencia do significado probable das palabras ou das frases que descoñece.</p>	<p>B1.1. Coñecer e saber aplicar as estratexias básicas de comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto: uso do contexto verbal e non verbal, e dos coñecementos previos sobre a situación (quen fala a quen, con que intencións, onde e cando), que permiten inferencias do significado baseadas no contexto; uso dos coñecementos referenciais sobre o tema, así como identificación de palabras clave.</p> <p>B1.2. Comprender instrucións moi básicas pronunciadas lentamente e claramente, e seguir indicacións sinxelas e breves que conteñan vocabulario propio do nivel.</p> <p>B1.3. Identificar a información esencial, os puntos principais e os detalles máis salientables en textos orais breves e ben estruturados, transmitidos de viva voz ou por medios técnicos e articulados a velocidade lenta, nun rexistro estándar, e que versen</p>	<p>PLEB1.1. Comprende fórmulas básicas de relación social para iniciar e terminar o discurso e expresar benvidas, desculpas e agradecementos, e identifica a relación de formalidade entre as persoas interlocutoras e o propósito comunicativo.</p>	<p>Comprende fórmulas básicas de relación social para iniciar e terminar o discurso e expresar benvidas, desculpas e agradecementos.</p>				<p>CCL</p> <p>CD</p> <p>CCEC</p> <p>CSC</p>	<p>Procedementos:</p> <p>Listenings: audicións e vídeos.</p> <p>Tarefas, exercicios e actividades específicas derivadas das gravacións de audio e vídeo.</p> <p>Probas mixtas: orais e escritas derivadas de ditas gravacións</p> <p>Instrumentos:</p> <p>Rúbricas.</p> <p>Escala de valoración numérica</p> <p>Observación diaria.</p>
					33%	33%	33%		

Primeira Lingua Estranxeira. 2º de ES0 PMAR

Obx.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución	Temporalización			CCs	Procedementos e Instrumentos
					trimestral				
					1ºTr.	2ºTr.	3ºTr.		
	<p>B1.2. Tolerancia da comprensión parcial ou vaga nunha situación comunicativa.</p> <p>B1.3. Perseveranza no logro da comprensión oral, reescoitando o texto gravado ou solicitando repetición ou reformulacións do dito.</p> <p>Estratexias de comprensión:</p> <p>Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema.</p> <p>Identificación do tipo textual, adaptando a comprensión a el.</p> <p>Distinción de tipos de comprensión (sentido xeral, información esencial, puntos principais e detalles relevantes).</p> <p>Formulación de hipóteses sobre o contido e o contexto.</p> <p>Inferencia e formulación de hipóteses sobre</p>	<p>sobre asuntos cotiáns en situacións habituais ou sobre temas xerais ou do propio campo de interese nos ámbitos persoal, público e educativo, sempre que as condicións acústicas non distorsionen a mensaxe e se poida volver escoitar o dito.</p> <p>B1.4. Comprender os puntos esenciais e os detalles máis relevantes en conversas cotiás, reais ou simuladas, que se refiran a necesidades prácticas ou materiais, sentimentos ou sensacións físicas básicas, expresadas con certa naturalidade e boa articulación, se pode escoitalas de novo ou solicitar que se repita ou se reformule o dito.</p> <p>B1.5. Recoñecer os puntos esenciais e a información principal de textos orais ou audiovisuais breves, articulados pausadamente e con claridade, que conteñan narracións e/ou descricións moi sinxelas, que traten sobre asuntos moi previsibles da vida cotiá ou moi coñecidos.</p>	<p>PLEB1.2. Comprende instrucións e textos breves e sinxelos producidos en contextos reais e simulados, articulados con claridade, ritmo pausado e acentuación estándar, que conteñan vocabulario relativo a lugares, persoas, obxectos, acontecementos e accións ligados a temas sinxelos e habituais na súa idade e no seu contexto escolar.</p>	<p>Comprende instrucións e textos breves e sinxelos producidos en contextos reais e simulados, articulados con claridade, ritmo pausado e acentuación estándar, que conteñan vocabulario relativo a lugares, persoas, obxectos, acontecementos e accións ligados a temas sinxelos e habituais na súa idade e no seu contexto escolar.</p>	33%	33%	33%	<p>CCL</p> <p>CD</p> <p>CCEC</p> <p>CSC</p>	<p>Procedementos:</p> <p>Listenings: audicións e videos.</p> <p>Tarefas, exercicios e actividades específicas derivadas das gravacións de audio e video.</p> <p>Probas mixtas: orais e escritas derivadas de ditas gravacións</p> <p>Instrumentos:</p> <p>Rúbricas.</p> <p>Escala de valoración numérica</p> <p>Observación diaria.</p>

Primeira Lingua Estranxeira. 2º de ES0 PMAR

Obx.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución	Temporalización			CCs	Procedementos e Instrumentos
					trimestral				
					1ºTr.	2ºTr.	3ºTr.		
	<p>significados a partir da comprensión dos elementos significativos, lingüísticos e paralingüísticos.</p> <p>Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos.</p>	<p>B1.6. Comprender transaccións moi básicas de bens e servizos (datos persoais, horarios e prezos), transmitidas de viva voz ou por medios técnicos, e articuladas con certa lentitude e claridade, sempre que as condicións acústicas sexan boas e se poidan escoitar máis dunha vez.</p>	<p>PLEB1.3. Comprende o esencial en situacións de comunicación, cara a cara ou gravadas, nas que se utilicen frases moi sinxelas sobre temas habituais para a súa idade e o seu nivel escolar, que se refiran aos ámbitos persoal público e educativo, sempre que se fale pausadamente e con claridade, e se poida escoitar máis dunha vez.</p>	<p>Comprende o esencial en situacións de comunicación, cara a cara ou gravadas, nas que se utilicen frases moi sinxelas sobre temas habituais para a súa idade e o seu nivel escolar, que se refiran aos ámbitos persoal público e educativo, sempre que se fale pausadamente e con claridade, e se poida escoitar máis dunha vez.</p>				<p>CCL</p> <p>CD</p> <p>CCEC</p> <p>CSC</p>	<p>Procedementos:</p> <p>Listenings: audicións e videos.</p> <p>Tarefas, exercicios e actividades específicas derivadas das gravacións de audio e video.</p> <p>Probas mixtas: orais e escritas derivadas destas gravacións</p> <p>Instrumentos:</p> <p>Rúbricas.</p> <p>Observación diaria.</p> <p>Escala de valoración numérica</p>
					33%	33%	33%		

Primeira Lingua Estranxeira. 2º de ESO PMAR

Obx.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución	Temporalización			CCs	Procedementos e Instrumentos
					trimestral				
					1ºTr.	2ºTr.	3ºTr.		
			PLEB1.4. Distingue, co apoio da imaxe, as ideas principais e información relevante en presentacións sobre temas educativos que estea a aprender, profesionais moi sinxelos ou do seu interese inmediato (por exemplo, sobre un tema curricular ou unha profesión).	Distingue, co apoio da imaxe, as ideas principais en presentacións sinxelas sobre temas educativos que estea a aprender ou do seu interese inmediato.	33%	33%	33%	CCL CD CCEC CSC	<p>Procedementos:</p> <p>Listenings: audicións e videos.</p> <p>Tarefas, exercicios e actividades específicas derivadas das gravacións de audio e video.</p> <p>Instrumentos:</p> <p>Rúbricas.</p> <p>Observación diaria.</p>

Primeira Lingua Estranxeira. 2º de ES0 PMAR

Obx.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución	Temporalización			CCs	Procedementos e Instrumentos
					trimestral				
					1ºTr.	2ºTr.	3ºTr.		
			<p>PLEB1.5. Identifica o sentido xeral e os puntos principais dunha conversa informal espontánea, relacionada coas actividades de aula, e de simulacións sobre temas cotiáns e de interese persoal con diversos fins comunicativos, se a produción é articulada con claridade e cunha velocidade media, pero con pausas.</p>	<p>Identifica o sentido xeral dunha conversa informal espontánea, relacionada coas actividades de aula, e de simulacións sobre temas cotiáns e de interese persoal con diversos fins comunicativos, se a produción é articulada con claridade.</p>	30%	30%	40%	<p>CCL</p> <p>CD</p> <p>CCEC</p> <p>CSC</p>	<p>Procedementos:</p> <p>Listenings: audicións e videos.</p> <p>Tarefas, exercicios e actividades específicas derivadas das gravacións de audio e video.</p> <p>Probas mixtas: orais e escritas derivadas de ditas gravacións</p> <p>Instrumentos:</p> <p>Rúbricas.</p> <p>Escala de valoración numérica</p> <p>Observación diaria.</p>

Primeira Lingua Estranxeira. 2º de ESO PMAR

Obx.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución	Temporalización			CCs	Procedementos e Instrumentos
					trimestral				
					1ºTr.	2ºTr.	3ºTr.		
			PLEB1.6. Comprende, nunha conversa informal na que participa, descrições, narracións, peticións de información e expresión dos gustos sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre temas do seu interese, cando se lle fala con claridade, amodo e directamente, e se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou a reformular o dito.	Comprende, nunha conversa informal na que participa, descrições, narracións, peticións de información e expresión dos gustos sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre temas do seu interese, cando se lle fala con claridade, amodo e directamente, e se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou a reformular o dito.				CCL CD CCEC CSC	<p>Procedementos:</p> <p>Listenings: audicións e videos.</p> <p>Tarefas, exercicios e actividades específicas derivadas das gravacións de audio e video.</p> <p>Probas mixtas: orais e escritas derivadas de ditas gravacións</p> <p>Instrumentos:</p> <p>Escala de valoración numérica.</p> <p>Observación diaria.</p>
					30%	30%	40%		

Primeira Lingua Estranxeira. 2º de ES0 PMAR

Obx.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución	Temporalización			CCs	Procedementos e Instrumentos
					trimestral				
					1ºTr.	2ºTr.	3ºTr.		
			PLEB1.7. Identifica a información esencial de mensaxes sinxelas emitidas por medios audiovisuais sobre temas concretos e coñecidos (tempos atmosférico, noticias presentadas con imaxes moi redundantes, etc.) e sobre transaccións habituais de bens e servizos, pronunciadas con lentitude e claridade, aínda que deba escoitalas máis dunha vez.	Identifica a información esencial de mensaxes sinxelas emitidas por medios audiovisuais sobre temas concretos sinxelos, pronunciadas con lentitude e claridade, aínda que deba escoitalas máis dunha vez.	33%	33%	33%	CCL CD CCEC CSC	<p>Procedementos:</p> <p>Listenings: audicións e videos.</p> <p>Tarefas, exercicios e actividades específicas derivadas das gravacións de audio e video.</p> <p>Probas mixtas: orais e escritas derivadas de ditas gravacións</p> <p>Instrumentos:</p> <p>Escala de valoración numérica</p> <p>Observación diaria.</p>

Bloque 2. Producción de textos orais: expresión e interacción

Primeira Lingua Estranxeira. 2º de ESO PMAR

Obx.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución	Temporalización			CCs	Procedementos e Instrumentos
					trimestral				
					1ºTr.	2ºTr.	3ºTr.		
a c d e i	<p>B2.1. Estratexias de produción:</p> <p>Planificación:</p> <p>Identificación do contexto, o destinatario e a finalidade da produción ou da interacción.</p> <p>Adecuación do texto ao destinatario, ao contexto e á canle, escollendo os expoñentes lingüísticos necesarios para lograr a intención comunicativa.</p> <p>Execución:</p> <p>Concepción da mensaxe con claridade, distinguindo a súa idea ou ideas principais e a súa estrutura básica.</p> <p>Activación dos coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados.</p> <p>Expresión da mensaxe con claridade e coherencia, estruturándoa adecuadamente e axustándose, de ser o caso, aos modelos e</p>	<p>B2.1. Utilizar as estratexias máis adecuadas para producir textos monolóxicos que aborden descrições, narracións e explicacións breves e sinxelas sobre acontecementos, experiencias, condicións de vida e coñecementos diversos, con certa fluidez e pronuncia intelixible, utilizando conectores textuais e con dominio do vocabulario elemental, para lograr a finalidade da comunicación.</p> <p>B2.2. Producir textos breves e comprensibles, tanto en conversa cara a cara como por teléfono ou por outros medios técnicos, nun rexistro neutro ou informal, cunha linguaxe sinxela, nos que se dea, se solicite e se intercambie información básica sobre temas de importancia na vida cotiá e asuntos coñecidos ou de interese persoal ou educativo propios da súa idade e do seu nivel escolar, e se xustifiquen brevemente e de xeito básico os motivos de determinadas accións e de plans sinxelos, aínda que ás veces haxa interrupcións ou vacilacións, resulten evidentes as pausas e a reformulación para organizar o discurso e</p>	<p>PLEB2.1. Interactúa nas actividades de aula a maioría das veces ou intervé na lingua estranxeira, cunha pronuncia comprensible, e persevera no seu uso aínda que cometa erros e teña que pedir axuda ou aclaracións.</p>	<p>Interactúa nalgunhas actividades de aula ou intervé na lingua estranxeira, cunha pronuncia comprensible, e persevera no seu uso aínda que cometa erros e teña que pedir axuda ou aclaracións.</p>				<p>CCL</p> <p>CAA</p> <p>CSC</p> <p>CCEC</p>	<p>Procedementos:</p> <p>Probas orais.</p> <p>Debates.</p> <p>Entrevistas.</p> <p>Escala de valoración de actitudes.</p> <p>Obradoiros: conversación en grupos heteroxéneos.</p> <p>Instrumentos:</p> <p>Listas de cotexo.</p> <p>Observación diaria.</p> <p>Diario de clase.</p>

Primeira Lingua Estranxeira. 2º de ESO PMAR

Obx.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución	Temporalización			CCs	Procedementos e Instrumentos
					trimestral				
					1ºTr.	2ºTr.	3ºTr.		
	<p>ás fórmulas de cada tipo de texto.</p> <p>Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta desta) ou da mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles.</p> <p>Compensación das carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos e paralingüísticos</p>	<p>para seleccionar expresións e estruturas, e o interlocutor teña que solicitar ás veces que se lle repita o dito, e mesmo solicite axuda ao interlocutor para expresar adecuadamente o seu texto.</p> <p>B2.3. Participar en conversas espontáneas relacionadas coas actividades de aula e en simulacións sobre temas cotiáns e de interese persoal con diversos fins comunicativos, establecendo contacto social en función da situación de comunicación, reformulando e rectificando se non se comprende, e pedindo aclaración se non</p>	<p>PLEB2.2. A mosha unha actitude positiva polo uso da lingua estranxeira en diferentes situacións comunicativas, e manifesta interese e respecto polas súas compañeiras.</p>	<p>A mosha unha actitude positiva polo uso da lingua estranxeira en diferentes situacións comunicativas, e manifesta interese e respecto polas súas compañeiras.</p>				<p>CCL</p> <p>CSC</p>	<p>Procedementos:</p> <p>Escala de valoración de actitudes.</p> <p>Instrumentos:</p> <p>Listas de cotexo.</p> <p>Observación diaria.</p> <p>Diario de clase.</p>
					33%	33%	33%		

Primeira Lingua Estranxeira. 2º de ESO PMAR

Obx.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución	Temporalización			CCs	Procedementos e Instrumentos
					trimestral				
					1ºTr.	2ºTr.	3ºTr.		
	<p>Lingüísticos:</p> <p>Modificación de palabras de significado parecido.</p> <p>Definición ou parafraseo dun termo ou dunha expresión.</p> <p>Petición de axuda ou clarificación.</p> <p>Paralingüísticos:</p> <p>Sinalización de obxectos, uso de deícticos ou realización de accións que aclaran o significado.</p> <p>Uso de linguaxe corporal culturalmente pertinente (xestos, expresións faciais, posturas, e contacto visual ou corporal)</p> <p>Uso de elementos cuasiléxicos de valor comunicativo (hum, puah, etc.).</p> <p>Uso de elementos prosódicos (pausas, ritmo, entoación) como substitutos dos marcadores discursivos para indicarlle ao destinatario ou óinte as partes do discurso que deben ser cointerpretadas.</p> <p>B2.2. Actitude de respecto cara a si mesmo/a e cara ás demais persoas para comprender e</p>	<p>entende algo.</p> <p>B2.4. Utilizar estratexias de cooperación na interacción e no traballo con outras persoas, colaborando con elas na interacción, verificando a comprensión propia e das demais persoas mediante estratexias de compensación lingüísticas e non verbais, e cooperando activamente na realización das tarefas de comunicación.</p> <p>B2.5. Manexar con certa fluidez frases feitas curtas, grupos de palabras e fórmulas básicas para desenvolverse de xeito suficiente en breves intercambios en situacións habituais e cotiás, aínda que se interrompa o discurso para procurar expresións e articular palabras menos frecuentes.</p> <p>B2.6. Intercambia información ou responde a preguntas directas simples e breves, relativas a información persoal, hábitos, gustos, estudos etc., en relación con ámbitos e temas inmediatos cos que xa estea familiarizado.</p> <p>B2.7. Interactuar de xeito sinxelo en intercambios claramente estruturados, utilizando fórmulas ou xestos simples para tomar ou ceder a quenda de palabra, aínda que se dependa en grande medida da</p>	<p>PLEB2.3. Fai presentacións breves e ensaiadas, ben estruturadas e con apoio visual (por exemplo, transparencias de PowerPoint), que lle permitan ilustralas con imaxes e seguir un guión sobre aspectos concretos e sinxelos de temas do seu interese ou relacionados cos seus estudos ou a súa ocupación, e responde a preguntas breves e sinxelas de oíntes sobre o contido destas.</p>	<p>Fai presentacións breves e ensaiadas, e con apoio visual, sobre aspectos concretos e sinxelos de temas do seu interese ou relacionados cos seus estudos .</p>				<p>CCL</p> <p>CD</p> <p>CCEC</p> <p>CSC</p>	<p>Procedementos:</p> <p>Probas orais.</p> <p>Lectura de textos escollidos e libros de lectura.</p> <p>Escala de valoración de actitudes.</p> <p>Obradoiros: conversación en grupos heteroxéneos.</p> <p>Instrumentos:</p> <p>Listas de cotexo.</p> <p>Observación diaria.</p> <p>Diario de clase.</p> <p>Escala de valoración numérica</p>

Obx.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución	Temporalización			CCs	Procedementos e Instrumentos
					trimestral				
					1ºTr.	2ºTr.	3ºTr.		
	<p>facerse comprender.</p> <p>B2.2. Rutinas ou modelos de interacción básicos segundo o tipo de situación de comunicación propia da súa idade e do seu nivel escolar.</p> <p>B2.3. Uso básico da quenda de palabra, con indicadores sinxelos de que se quere falar e de recoñecemento do desexo de falar das demais persoas.</p>	actuación do interlocutor.	<p>PLEB2.4. Desenvólvese correctamente en xestións e transaccións cotiás, como son as viaxes, o aloxamento, o transporte, as compras e o lecer, seguindo normas de cortesía básicas (saúdo e tratamento), sempre que a persoa interlocutora coopere, falando e con claridade, e repetindo ou reformulando.</p>	<p>Desenvólvese, a nivel básico, en xestións e transaccións cotiás, como son as viaxes, o aloxamento, o transporte, as compras e o lecer, seguindo normas de cortesía básicas (saúdo e tratamento), sempre que a persoa interlocutora coopere, falando e con claridade, e repetindo ou reformulando.</p>	33%	33%	33%	<p>CCL</p> <p>CD</p> <p>CCEC</p> <p>CSC</p>	<p>Procedementos:</p> <p>Probas orais.</p> <p>Entrevistas.</p> <p>Escala de valoración de actitudes.</p> <p>Obradoiros: conversación en grupos heteroxéneos.</p> <p>Instrumentos:</p> <p>Rúbricas.</p> <p>Listas de cotexo.</p> <p>Observación diaria.</p> <p>Diario de clase.</p> <p>Escala de valoración numérica</p>

Obx.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución	Temporalización			CCs	Procedementos e Instrumentos
					trimestral				
					1ºTr.	2ºTr.	3ºTr.		
			<p>PLEB2.5. Participa en conversas informais cunha pronuncia comprensible cara a cara, nas que establece contacto social, intercambia información e expresa opinións e puntos de vista, fai invitacións e ofrecementos, pide e ofrece cousas, pide e dá indicacións ou instrucións, ou discute os pasos que hai que seguir para realizar unha actividade conxunta.</p>	<p>Participa en conversas informais cunha pronuncia comprensible cara a cara, nas que establece contacto social, intercambia información e ofrece cousas e pide instrucións para realizar unha actividade conxunta.</p>	33%	33%	33%	<p>CCL</p> <p>CD</p> <p>CCEC</p> <p>CSC</p>	<p>Procedementos:</p> <p>Probas orais.</p> <p>Debates.</p> <p>Escala de valoración de actitudes.</p> <p>Obradoiros: conversación en grupos heteroxéneos.</p> <p>Instrumentos:</p> <p>Rúbricas.</p> <p>Observación diaria.</p> <p>Diario de clase.</p>

Primeira Lingua Estranxeira. 2º de ESO PMAR

Obx.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución	Temporalización			CCs	Procedementos e Instrumentos
					trimestral				
					1ºTr.	2ºTr.	3ºTr.		
			PLEB2.6. Colabora coas demais persoas na interacción, verificando a comprensión propia e a das demais persoas mediante estratexias de compensación lingüística e non verbais, e cooperando activamente na realización das tarefas de comunicación, e manifesta interese e respecto polas achegas do seus compañeiros e das súas compañeiras.	Colabora coas demais persoas na interacción, cooperando activamente na realización das tarefas de comunicación, e manifesta interese e respecto polas achegas do seus compañeiros e das súas compañeiras.	33%	33%	33%	CCL CD CCEC CSC	Procedementos: Escala de valoración de actitudes. Instrumentos: Listas de cotexo. Observación diaria. Diario de clase.

Primeira Lingua Estranxeira. 2º de ES0 PMAR

Obx.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución	Temporalización			CCs	Procedementos e Instrumentos
					trimestral				
					1ºTr.	2ºTr.	3ºTr.		
			PLEB2.7. Toma parte nunha conversa formal ou entrevista moi sinxela de carácter educativo ou ocupacional moi habitual e traballado previamente, intercambiando información suficiente e básica de carácter persoal e sobre hábitos, gustos ou estudos, preguntando sobre problemas prácticos e reaccionando de forma sinxela ante comentarios, sempre que poida pedir que se lle repitan os puntos clave se o necesita, e se o interlocutor coopera, falando amodo e con claridade, repetindo ou reformulando.	Toma parte nunha conversa formal ou entrevista moi sinxela de carácter educativo moi habitual e traballado previamente, intercambiando información básica de carácter persoal e sobre hábitos e gustos.	33%	33%	33%	CCL CD CCEC CSC	<p>Procedementos:</p> <p>Debates.</p> <p>Entrevistas.</p> <p>Escala de valoración de actitudes.</p> <p>Obradoiros: conversación en grupos heteroxéneos.</p> <p>Instrumentos:</p> <p>Rúbricas.</p> <p>Observación diaria.</p> <p>Diario de clase.</p>

Bloque 3: Comprensión de textos escritos

Primeira Lingua Estranxeira. 2º de ES0 PMAR

Obx.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución	Temporalización			CCs	Procedementos e Instrumentos
					trimestral				
					1ºTr.	2ºTr.	3ºTr.		
a c d i	<p>B3.1. Estratexias de comprensión:</p> <p>Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema.</p> <p>Identificación do tipo de lectura demandado pola tarefa (en superficie ou oceánica, selectiva, intensiva ou extensiva).</p> <p>Identificación do tipo textual básico (narrativo, descritivo ou explicativo), adaptando a comprensión a el.</p> <p>Distinción de tipos de comprensión necesarios para a realización da tarefa (sentido xeral, información esencial e puntos principais).</p> <p>Formulación de hipóteses sobre o contido e o contexto.</p> <p>Inferencia e formulación de hipótese sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paratextuais.</p> <p>Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos.</p>	<p>B3.1. Utilizar as estratexias máis adecuadas (identificación do tema dun texto coa axuda de elementos textuais e non textuais, uso dos coñecementos previos sobre o tema, inferencia de significados polo contexto, comparación de palabras ou frases similares nas linguas que xa coñecen, etc.), para a comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto.</p> <p>B3.2. Comprender mensaxes breves e sinxelas que conteñan instrucións, indicacións e información básica referida a necesidades inmediatas ou de carácter educativo ou ocupacional moi básico, de estrutura moi sinxela, especialmente se contan con apoio visual.</p> <p>B3.3. Identificar a información esencial, os puntos máis relevantes e os detalles importantes en textos, tanto en formato impreso como en soporte dixital, breves, sinxelos e ben estruturados, escritos nun rexistro informal ou estándar, que traten asuntos cotiáns, temas coñecidos e previsibles de interese ou relevantes para os propios estudos, e que conteñan estruturas e</p>	<p>PLB3.1. Segue, con axuda da imaxe, instrucións sinxelas de funcionamento e manexo de aparellos electrónicos ou de máquinas de uso común e coñecidos, así como instrucións básicas e predicibles para a realización de actividades e normas de seguridade (por exemplo, manexo dun móbil ou prevención de riscos nunha excursión).</p> <p>PLB3.2. Entende os puntos principais de anuncios e material publicitario de revistas propias da súa idade ou de internet, formulados de xeito simple e claro, e relacionados con asuntos do seu interese, nos ámbitos persoal e educativo e ocupacional moi básico.</p>	<p>Segue, con axuda da imaxe, instrucións sinxelas de funcionamento e manexo de aparellos electrónicos ou de máquinas de uso común e coñecidos, así como instrucións básicas e predicibles para a realización de actividades e normas de seguridade.</p> <p>Entende información moi básica de anuncios e material publicitario de revistas propias da súa idade ou de internet, formulados de xeito simple e claro, e relacionados con asuntos do seu interese, nos ámbitos persoal e educativo e ocupacional moi básico.</p>	33%	33%	33%	<p>CCL</p> <p>CAA</p> <p>CSC</p> <p>CCEC</p> <p>CD</p>	<p>Procedementos:</p> <p>Tarefas, exercicios e actividades dentro da aula.</p> <p>Instrumentos:</p> <p>Observación diaria.</p> <p>Listas de cotexo.</p> <p>Procedementos:</p> <p>Probas escritas.</p> <p>Tarefas, exercicios e actividades dentro da aula.</p> <p>Instrumentos:</p> <p>Observación diaria.</p> <p>Escala de valoración numérica.</p>

Primeira Lingua Estranxeira. 2º de ESO PMAR

Obx.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución	Temporalización			CCs	Procedementos e Instrumentos
					trimestral				
					1ºTr.	2ºTr.	3ºTr.		
	B3.2. Uso de técnicas como subliñar ou tomar notas para lograr unha mellor comprensión do contido e da estrutura do texto.	un léxico básicos de uso común e habitual. B3.4. Identificar e interpretar palabras e enunciados clave sinxelos e contextualizados, en situacións de comunicación significativas para a súa idade e o seu nivel escolar, coa axuda de elementos textuais e non textuais, sobre temas variados e outros relacionados con outras materias do currículo. B3.5. Comprender a información esencial de correspondencia persoal moi breve e sinxela en calquera soporte, identificando o rexistro formal ou informal, o propósito e as fórmulas de relación social, e outras convencións básicas propias deste tipo de texto. B3.6. Ler con certa autonomía textos adaptados de certa lonxitude adecuados á idade, aos intereses e ao nivel escolar.	PLB3.3. Entende información específica esencial en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta claramente estruturados e nun rexistro estándar e con imaxes ilustrativas redundantes sobre temas relativos a materias educativas, ou do seu interese (por exemplo, sobre un tema curricular, un programa informático, unha cidade, un deporte ou o ambiente), sempre que poida reler as seccións difíciles. PLB3.4. Comprende correspondencia persoal en calquera formato e en rexistro estándar na que, de xeito sinxelo e básico, se fale de si mesmo/a; describan persoas, obxectos e lugares; se narren acontecementos pasados, presentes e futuros, reais ou imaxinarios; se expresen sentimentos, desexos e opinións sobre temas xerais, coñecidos ou do seu interese.	Entende información básica en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta claramente estruturados e nun rexistro estándar e con imaxes ilustrativas redundantes sobre temas relativos a materias educativas, ou do seu interese.	33%	33%	33%	CCL CAA CSC CCEC CD	Procedementos: Tarefas, exercicios e actividades dentro da aula. Instrumentos: Observación diaria. Listas de cotexo.
					33%	33%	33%	CCL CAA CSC CCEC CD	Procedementos: Probas escritas. Tarefas, exercicios e actividades dentro da aula. Instrumentos: Observación diaria. Escala de valoración numérica.

Primeira Lingua Estranxeira. 2º de ES0 PMAR

Obx.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución	Temporalización			CCs	Procedementos e Instrumentos
					trimestral				
					1ºTr.	2ºTr.	3ºTr.		
			PLB3.5. Entende información básica de correspondencia formal na que se informa sobre asuntos do seu interese no contexto persoal, educativo ou ocupacional (por exemplo, sobre un curso de idiomas ou unha compra por internet).	Entende información básica de correspondencia formal na que se informa sobre asuntos do seu interese no contexto persoal ou educativo.	33%	33%	33%	CCL CAA CSC CCEC CD	Procedementos: Probos escritas. Tarefas, exercicios e actividades dentro da aula. Instrumentos: Observación diaria. Escala de valoración numérica.

Primeira Lingua Estranxeira. 2º de ES0 PMAR

Obx.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución	Temporalización			CCs	Procedementos e Instrumentos
					trimestral				
					1ºTr.	2ºTr.	3ºTr.		
			PLB3.6. Comprende con fluidez textos de historias de ficción adaptados para o seu nivel.	Comprende basicamente textos de historias de ficción adaptados para o seu nivel.	33%	33%	33%	CCL CAA CSC CCEC	Procedementos: Probas escritas. Tarefas, exercicios e actividades dentro da aula. Escolma de lecturas Instrumentos: Observación diaria. Escala de valoración numérica.

Bloque 4. Producción de textos escritos: expresión e interacción

Primeira Lingua Estranxeira. 2º de ES0 PMAR

Obx.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución	Temporalización			CCs	Procedementos e Instrumentos
					trimestral				
					1ºTr.	2ºTr.	3ºTr.		
a c d i	<p>B4.1. Estratexias de produción:</p> <p>Planificación:</p> <p>Mobilización e coordinación das propias competencias xerais e comunicativas co fin de realizar eficazmente a tarefa (reparar o que se sabe sobre o tema, o que se pode ou se quere dicir, etc.)</p> <p>Localización e uso adecuado de recursos lingüísticos ou temáticos (uso dun dicionario ou dunha gramática, información sobre o tema, etc.).</p> <p>Execución:</p> <p>Elaboración dun borrador.</p>	<p>B4.1. Aplicar estratexias adecuadas para elaborar textos escritos breves e de estrutura simple, por exemplo copiando formatos, fórmulas e modelos convencionais propios de cada tipo de texto, identificando as ideas pertinentes e necesarias, ou pondo una idea principal en cada parágrafo.</p> <p>B4.2. Escribir en papel ou en soporte electrónico textos breves, sinxelos e de estrutura clara sobre temas cotiáns ou de interese persoal, nun rexistro estándar ou informal, utilizando adecuadamente os recursos básicos de cohesión e de coherencia, e as convencións ortográficas básicas, os signos de puntuación máis comúns, cun control razoable de expresións e estruturas sinxelas e un léxico de uso frecuente para a súa idade e o seu nivel</p>	<p>PLB4.1. Utiliza estratexias que faciliten o proceso de escritura: segue modelos de textos de características similares e corrixe tanto a ortografía como a orde</p>	<p>Utiliza estratexias que faciliten o proceso de escritura: segue modelos de textos de características similares e corrixe posibles erros.</p>	33%	33%	33%	<p>CCL</p> <p>CAA</p> <p>CSC</p> <p>CCEC</p> <p>CD</p>	<p>Procedementos:</p> <p>Tarefas, exercicios e actividades encamiñadas á produción de textos escritos.</p> <p>Escala de valoración de actitudes.</p> <p>Proxectos sobre temas diversos.</p> <p>Instrumentos:</p> <p>Rúbricas.</p>

Primeira Lingua Estranxeira. 2º de ES0 PMAR

Obx.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución	Temporalización			CCs	Procedementos e Instrumentos
					trimestral				
					1ºTr.	2ºTr.	3ºTr.		
	<p>Estruturação do contido do texto.</p> <p>Organización do texto en parágrafos abordando en cada un unha idea principal, conformando entre todos o seu significado ou a idea global.</p> <p>Expresión da mensaxe con claridade axustándose aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto.</p> <p>Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta) ou da mensaxe (facendo concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos e temáticos dispoñibles.</p> <p>Recurso aos coñecementos previos (utilizar linguaxe "prefabricada", etc.).</p>	<p>escolar; así como as convencións ortográficas máis habituais na redacción de textos en soporte electrónico.</p> <p>B4.3. Describir de forma moi sinxela lugares, obxectos e persoas, e narrar de xeito lineal feitos e experiencias sinxelas, así como expor información básica e previamente preparada relacionada con temas cotiáns ou con materias do currículo.</p> <p>B4.4. Cubrir documentos básicos nos que se solicite información persoal relativa a actividades diarias, intereses (deportes, música, etc.), gustos, etc.</p> <p>B4.5. Escribir mensaxes sinxelas en diferentes soportes con información, instrucións e indicacións moi básicas relacionadas con actividades cotiás e de</p>	<p>PLB4.2. Escribe textos moi breves en formato convencional con información sinxela e relevante sobre feitos moi coñecidos e habituais no ámbito educativo, describindo de xeito sinxelo situacións, persoas, obxectos e lugares.</p>	<p>Escribe textos moi breves en formato convencional con información moi sinxela sobre feitos moi coñecidos e habituais no ámbito educativo, describindo de xeito sinxelo situacións, persoas, obxectos e lugares.</p>	33%	33%	33%	<p>CCL</p> <p>CAA</p> <p>CSC</p> <p>CCEC</p> <p>CD</p>	<p>Procedementos:</p> <p>Probas escritas.</p> <p>Tarefas, exercicios e actividades encamiñadas á produción de textos escritos.</p> <p>Proxectos sobre temas diversos.</p> <p>Instrumentos:</p> <p>Escala de valoración numérica.</p>

Primeira Lingua Estranxeira. 2º de ESO PMAR

Obx.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución	Temporalización			CCs	Procedementos e Instrumentos
					trimestral				
					1ºTr.	2ºTr.	3ºTr.		
	<p>Revisión:</p> <p>Identificación de problemas, erros e repeticións.</p> <p>Atención ás convencións ortográficas e aos signos de puntuación.</p> <p>Presentación coidada do texto (marxes, limpeza, tamaño da letra, etc.).</p> <p>Reescritura definitiva.</p> <p>B4.2. Características textuais:</p> <p>Uso de recursos básicos para elaborar textos</p>	<p>inmediata necesidade.</p> <p>B4.6. Escribir correspondencia breve e sinxela en papel ou soporte dixital, na que se dea información persoal básica e se expresen gustos, sentimentos e opinións.</p> <p>B4.7. Presentar os textos escritos de maneira coidada (con atención a marxes, riscaduras, liñas dereitas, letra clara, letras maiúsculas e minúsculas cando corresponda, etc.) en soporte impreso e dixital, adecuados aos fins funcionais e valorando a importancia da</p>	<p>PLB4.3. Completa un cuestionario sinxelo con información persoal e relativa aos seus datos, aos seus intereses ou ás súas afeccións.</p>	<p>Completa un cuestionario sinxelo con información persoal e relativa aos seus datos, aos seus intereses ou ás súas afeccións.</p>	33%	33%	33%	<p>CCL</p> <p>CAA</p> <p>CSC</p> <p>CCEC</p> <p>CD</p>	<p>Procedementos:</p> <p>Probas escritas.</p> <p>Tarefas, exercicios e actividades encamiñadas á produción de textos escritos.</p> <p>Proxectos sobre temas diversos.</p> <p>Instrumentos:</p> <p>Escala de valoración numérica.</p>

Primeira Lingua Estranxeira. 2º de ESO PMAR

Obx.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución	Temporalización			CCs	Procedementos e Instrumentos
					trimestral				
					1ºTr.	2ºTr.	3ºTr.		
	con coherencia e cohesión propios do seu nivel escolar.	presentación nas comunicacións escritas.	PLB4.4. Escribe notas, anuncios e mensaxes breves en soporte impreso e dixital, en situacións de comunicación reais ou simuladas, relacionados con actividades e situacións da vida cotiá e do seu interese persoal, ou sobre temas de actualidade de especial relevancia e facilmente comprensibles para a súa idade, respectando as convencións e normas de cortesía, tamén cando se utilizan as redes sociais.	Escribe notas, anuncios e mensaxes breves en soporte impreso e dixital, en situacións de comunicación reais ou simuladas, relacionados con actividades e situacións da vida cotiá e do seu interese persoal, ou sobre temas de actualidade de especial relevancia e facilmente comprensibles para a súa idade, respectando as convencións e normas de cortesía, tamén cando se utilizan as redes sociais.	33%	33%	33%	CCL CAA CSC CCEC CD	Procedementos: Tarefas, exercicios e actividades encamiñadas á produción de textos escritos. Proxectos sobre temas diversos. Instrumentos: Rúbricas.

Primeira Lingua Estranxeira. 2º de ESO PMAR

Obx.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución	Temporalización			CCs	Procedementos e Instrumentos
					trimestral				
					1ºTr.	2ºTr.	3ºTr.		
			<p>PLB4.5. Escribe correspondencia persoal na que se establece e mantén o contacto social, se intercambia información sobre si mesmo/a e a súa vila (por exemplo), se describen en termos sinxelos importantes e experiencias persoais (por exemplo, unhas vacacións), se dan instrucións sinxelas, se fan e aceptan ofrecementos e suxestións (por exemplo, cancelación, confirmación ou modificación dunha invitación ou duns plans) e se expresan opinións de xeito sinxelo.</p>	<p>Escribe correspondencia persoal na que se establece e mantén o contacto social, se intercambia información sobre si mesmo/a e a súa vila (por exemplo), se describen en termos sinxelos importantes e experiencias persoais (por exemplo, unhas vacacións), se dan instrucións sinxelas, e se expresan opinións de xeito sinxelo.</p>	30%	30%	40%	<p>CCL CAA CSC CCEC CD</p>	<p>Procedementos: Probos escritas. Tarefas, exercicios e actividades encamiñadas á produción de textos escritos. Instrumentos: Escala de valoración numérica.</p>

Primeira Lingua Estranxeira. 2º de ES0 PMAR

Obx.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución	Temporalización			CCs	Procedementos e Instrumentos
					trimestral				
					1ºTr.	2ºTr.	3ºTr.		
			PLB4.6. Fai unha presentación coidada dos textos escritos, en soporte impreso e dixital, utilizando correctamente as convencións ortográficas e os signos de puntuación.	Fai unha presentación coidada dos textos escritos, en soporte impreso e dixital.				CCL CAA CSC CCEC CD	Procedementos: Probas escritas. Tarefas, exercicios e actividades encamiñadas á produción de textos escritos. Escala de valoración de actitudes. Proxectos sobre temas diversos. Instrumentos: Escala de valoración numérica. Rúbricas.

Bloque 5. Coñecemento da lingua e consciencia plurilingüe e intercultural

Primeira Lingua Estranxeira. 2º de ESO PMAR

Obx.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución	Temporalización			CCs	Procedementos e Instrumentos
					trimestral				
					1ºTr.	2ºTr.	3ºTr.		
a c d i o	<p>B5.1. Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación.</p> <p>Sons e fonemas vocálicos.</p> <p>Sons e fonemas consonánticos e as súas agrupacións.</p> <p>Procesos fonolóxicos básicos.</p> <p>Acento dos elementos léxicos illados, e no sintagma e na oración.</p> <p>B5.2. Patróns gráficos e convencións ortográficas.</p> <p>Uso das normas básicas de ortografía da palabra.</p> <p>Utilización adecuada da ortografía da oración: coma, punto e coma, puntos suspensivos, parénteses e comiñas.</p>	<p>B5.1. Pronunciar e entoar de xeito claro e intelixible, aínda que se cometan erros de pronuncia polos que as persoas interlocutoras teñan que solicitar repeticións.</p> <p>B5.2. Aplicar á comprensión e á produción de textos escritos as normas ortográficas básicas da palabra e da oración.</p> <p>B5.3. Incorporar á produción do texto oral e escrito os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos adquiridos relativos a estruturas sociais, relacións interpersoais, patróns de actuación, comportamento e convencións sociais, respectando as normas de cortesía máis importantes nos contextos respectivos.</p> <p>B5.4. Na propia lingua, identificar diferenzas e semellanzas nos aspectos culturais visibles dos países onde se fala a lingua estranxeira e da propia cultura, e coas diversas culturas</p>	<p>PLEB5.1. Utiliza a lingua estranxeira na maioría das súas intervencións nas actividades de aula, e na participación en simulacións con diversos fins comunicativos, facéndose comprender, producindo con suficiencia discriminativa trazos fonéticos significativos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización, etc.), e recoñecendo e producindo comprensiblemente patróns básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases.</p>	<p>Utiliza a lingua estranxeira nalgunhas das súas intervencións nas actividades de aula, e na participación en simulacións con diversos fins comunicativos, facéndose comprender.</p>	33%	33%	33%	<p>CCL</p> <p>CAA</p> <p>CSC</p> <p>CCEC</p> <p>CD</p>	<p>Procedementos:</p> <p>Tarefas, exercicios e actividades encamiñadas ao coñecemento da lingua</p> <p>Escala de valoración de actitudes.</p> <p>Proxectos sobre aspectos socioculturais.</p> <p>Instrumentos:</p> <p>Listas de cotexo.</p> <p>Observación diaria.</p>

Primeira Lingua Estranxeira. 2º de ES0 PMAR

Obx.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución	Temporalización			CCs	Procedementos e Instrumentos
					trimestral				
					1ºTr.	2ºTr.	3ºTr.		
	<p>B5.3. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos.</p> <p>Recoñecemento e uso de convencións sociais básicas, de normas de cortesía e de rexistros informais e estándar, así como da linguaxe non verbal máis habitual.</p> <p>Achegamento a algúns aspectos culturais visibles próximos ao seus intereses (música, lecer, deportes, produción escrita, lugares, poboación, etc.), e a costumes, valores e actitudes máis evidentes relacionados con aspectos propios da súa idade, a través de producións multimedia e de manifestacións artísticas dos países onde se fala a lingua estranxeira.</p> <p>Identificación dalgunhas similitudes</p>	<p>edo resto do alumnado, de ser o caso, amosando curiosidade e respecto perante as diferenzas.</p> <p>B5.5. Utilizar as experiencias e os coñecementos adquiridos en todas as linguas que coñece para establecer similitudes e diferenzas coa nova lingua e desenvolver unha competencia comunicativa plurilingüe; apreciar a riqueza persoal e social que proporciona ser unha persoa plurilingüe, e valorar as linguas como medio para comunicarse e relacionarse con compañeiros</p>	<p>PLEB5.2. Escribe cun dominio ortográfico suficiente para facer comprensible os textos, sen cometer erros moi básicos sobre as regularidades ortográficas máis relevantes.</p>	<p>Escribe cun dominio ortográfico suficiente para facer comprensible os textos, sen cometer erros moi básicos sobre as regularidades ortográficas máis relevantes.</p>				<p>CCL</p> <p>CAA</p> <p>CSC</p> <p>CCEC</p> <p>CD</p>	<p>Procedementos:</p> <p>Probas escritas.</p> <p>Tarefas, exercicios e actividades encamiñadas ao coñecemento da lingua</p> <p>Proxectos sobre aspectos socioculturais.</p> <p>Instrumentos:</p> <p>Escala de valoración numérica.</p> <p>Rúbricas.</p> <p>Observación diaria.</p>
					33%	33%	33%		

Primeira Lingua Estranxeira. 2º de ESO PMAR

Obx.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución	Temporalización			CCs	Procedementos e Instrumentos
					trimestral				
					1ºTr.	2ºTr.	3ºTr.		
	<p>diferenzas básicas nos costumes cotiáns e no uso das formas básicas de relación social entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o noso.</p> <p>Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia.</p> <p>B5.4. Plurilingüismo.</p> <p>Recoñecemento da realidade plurilingüe do propio contorno.</p> <p>Recurso aos coñecementos sintáctico-discursivos da propia lingua para mellorar a aprendizaxe, e da lingua estranxeira, para lograr unha competencia comunicativa integrada.</p> <p>Participación en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valorando positivamente as competencias que posúe como persoa plurilingüe.</p> <p>B5.5. Funcións comunicativas.</p>	<p>de compañeiros doutros países, como recurso de acceso á información e como instrumento de enriquecemento persoal, ao coñecer culturas e maneiras de vivir diferentes.</p> <p>B5.6. Levar a cabo as funcións demandadas polo propósito comunicativo, utilizando, con suficiente dominio para o seu nivel escolar, os expoñentes máis comúns e básicos das funcións e os patróns discursivos igualmente básicos de uso máis frecuente.</p> <p>B5.7. Comprender e utilizar rutinas e o léxico propio do nivel en situacións comunicativas sinxelas reais ou simuladas.</p> <p>B5.8. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais.</p>	<p>PLEB5.3. Utiliza as convencións básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo (saúdos, rutinas para iniciar ou manter a quenda de palabra, fórmulas orais breves para manter a atención, etc.)</p>	<p>Utiliza as convencións básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo (saúdos, rutinas para iniciar ou manter a quenda de palabra, fórmulas orais breves para manter a atención, etc.)</p>	33%	33%	33%	<p>CCL</p> <p>CAA</p> <p>CSC</p> <p>CCEC</p> <p>CD</p>	<p>Procedementos:</p> <p>Probos escritas.</p> <p>Probos orais.</p> <p>Tarefas, exercicios e actividades encamiñadas ao coñecemento da lingua</p> <p>Escala de valoración de actitudes.</p> <p>Proxectos sobre aspectos socioculturais.</p> <p>Instrumentos:</p> <p>Escala de valoración numérica.</p> <p>Listas de cotexo.</p> <p>Observación diaria.</p>

Primeira Lingua Estranxeira. 2º de ES0 PMAR

Obx.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución	Temporalización			CCs	Procedementos e Instrumentos
					trimestral				
					1ºTr.	2ºTr.	3ºTr.		
	<p>Iniciación e mantemento de relacións persoais e sociais básicas.</p> <p>Descrición de calidades físicas e abstractas básicas de persoas, obxectos, lugares e actividades.</p> <p>Narración de acontecementos pasados puntuais e habituais, descrición de estados e situacións presentes, e expresión básica de sucesos futuros.</p> <p>Petición e ofrecemento de información, indicacións, expresión sinxela de opinións e consellos, advertencias e avisos.</p> <p>Expresión do coñecemento, a certeza e a dúbida.</p> <p>Expresión da vontade, a intención, a decisión, a promesa, a orde, a autorización e a prohibición.</p> <p>Expresión do interese, a aprobación, o aprecio, a simpatía, a satisfacción, a esperanza, a confianza e a sorpresa, así como os seus contrarios.</p> <p>Formulación de suxestións e desexos, e</p>		<p>PLEB5.4. Na propia lingua, identifica aspectos socioculturais básicos e visibles dos países nos que se fala a lingua estranxeira, analizándoos comparativamente coas diversas culturas, de ser o caso, do resto do alumnado, e evitando estereotipos e valoracións etnocéntricas.</p>	<p>Na propia lingua, evita estereotipos e valoracións etnocéntricas.</p>	33%	33%	33%	<p>CCL</p> <p>CAA</p> <p>CSC</p> <p>CCEC</p> <p>CD</p>	<p>Procedementos:</p> <p>Escala de valoración de actitudes.</p> <p>Proxectos sobre aspectos socioculturais.</p> <p>Instrumentos:</p> <p>Listas de cotexo.</p> <p>Observación diaria.</p>
			<p>PLB5 5. Nas actividades de aula utiliza, para a comprensión e a elaboración de textos, o coñecemento adquirido noutras linguas sobre elementos morfolóxicos, sintácticos e discursivos, así como os procesos de realización das actividades lingüísticas de comprensión e produción.</p>	<p>Nas actividades de aula utiliza, para a comprensión e a elaboración de textos, o coñecemento adquirido noutras linguas sobre elementos morfolóxicos, sintácticos e discursivos, así como os procesos de realización das actividades lingüísticas de comprensión e produción.</p>	33%	33%	33%	<p>CCL</p> <p>CAA</p> <p>CSC</p> <p>CCEC</p> <p>CD</p>	<p>Procedementos:</p> <p>Tarefas, exercicios e actividades encamiñadas ao coñecemento da lingua</p> <p>Instrumentos:</p> <p>Observación diaria.</p>

Primeira Lingua Estranxeira. 2º de ES0 PMAR

Obx.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución	Temporalización			CCs	Procedementos e Instrumentos
					trimestral				
					1ºTr.	2ºTr.	3ºTr.		
	<p>expresión básica de condicións e hipóteses.</p> <p>Establecemento e mantemento básicos da comunicación e a organización elemental do discurso.</p> <p>B5.6. Léxico oral e escrito básico de uso común relativo a identificación persoal elemental; vivenda, fogar e contexto; actividades da vida diaria; familia e amizades; tempo libre, lecer e deporte; vacacións; saúde e coidados físicos; educación e estudo; compras, alimentación e restauración; transporte; lingua e comunicación; ambiente, clima e ámbito natural; e tecnoloxías da información e da comunicación.</p> <p>Expresións fixas e enunciados fraseolóxicos máis habituais,</p> <p>Saúdos, despedidas, preguntas por preferencias e expresión de opinións</p> <p>Léxico sobre temas relacionados con contidos sinxelos doutras áreas do currículo.</p>		<p>PLB5.6. Comunica con eficacia, comprendendo e utilizando adecuadamente as estruturas morfosintácticas básicas para realizar as funcións comunicativas propias do seu nivel, e estratexias de comunicación e de redundancia do significado (imaxes e elementos paralingüísticos, cuasilingüísticos básicos e partextuais).</p>	<p>Comunica de forma comprensible, comprendendo e utilizando adecuadamente as estruturas morfosintácticas básicas para realizar as funcións comunicativas propias do seu nivel.</p>	33%	33%	33%	<p>CCL</p> <p>CAA</p> <p>CSC</p> <p>CCEC</p> <p>CD</p>	<p>Procedementos:</p> <p>Probos escritas.</p> <p>Probos orais.</p> <p>Tarefas, exercicios e actividades encamiñadas ao coñecemento da lingua</p> <p>Proxectos sobre aspectos socioculturais.</p> <p>Instrumentos:</p> <p>Escala de valoración numérica.</p> <p>Rúbricas.</p> <p>Observación diaria.</p>

Primeira Lingua Estranxeira. 2º de ES0 PMAR

Obx.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución	Temporalización			CCs	Procedementos e Instrumentos
					trimestral				
					1ºTr.	2ºTr.	3ºTr.		
	B5.7. Estructuras sintáctico-discursivas propias de cada idioma.		PLEB5.7. Coñece e utiliza un vocabulario oral e escrito básico e suficiente para comprender e elaborar textos sinxelos propios do seu nivel educativo.	Coñece e utiliza un vocabulario oral e escrito básico e suficiente para comprender e elaborar textos sinxelos propios do seu nivel educativo.				CCL CAA CSC CCEC CD Proxectos sobre aspectos socioculturais. Instrumentos: Escala de valoración numérica. Rúbricas. Observación diaria.	

Obx.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución	Temporalización			CCs	Procedementos e Instrumentos
					trimestral				
					1ºTr.	2ºTr.	3ºTr.		
			<p>PLEB5.8. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.</p>	<p>PLEB5.8. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.</p>	33%	33%	33%	<p>CCL</p> <p>CD</p> <p>CAA</p> <p>CCEC</p> <p>CD</p>	<p>Procedementos:</p> <p>Probas escritas.</p> <p>Probas orais.</p> <p>Tarefas, exercicios e actividades encamiñadas ao coñecemento da lingua</p> <p>Proxectos sobre aspectos socioculturais.</p> <p>Instrumentos:</p> <p>Escala de valoración numérica.</p> <p>Rúbricas.</p>

1 Contidos sintáctico-discursivos por idiomas:

Afirmación (affirmative sentences)

Negación (negative sentences with not, never, non (Noun, e. g. never mind, not to worry), nobody, nothing; negative tags).

Interrogación (Wh- questions; Aux. Questions; What is this for?; tags).

Expresión do tempo: pasado (past simple and continuous; present perfect); presente (present simple and continuous); futuro (going to; will; present simple and continuous + Adv.).

Expresión do aspecto: puntual (simple tenses); durativo (present and past simple/perfect; and future continuous); habitual (simple tenses (+ Adv., e. g. usually); used to); incoativo (start –ing); terminativo (stop – ing).

Expresión da modalidade: capacidade (can; be able); obriga (have (got) to; must; imperative); intención (present continuous).

Expresión da cantidade (singular/plural; cardinal and ordinal numerals. Quantity: e. g., both, none. Degree: e. g. really; quite; so; a little).

Expresión do espazo (prepositions and adverbs of location, position, distance, motion, direction, origin and arrangement).

Expresión do tempo (points (e. g. five to (ten))); divisions (e. g. century; season), and indications (ago; early; late) of estafe; duration (from...to; during; until; since); anteriority (already; (not) yet); posteriority (afterwards; later); sequence (first, next, last);); frequency (e. g. often, usually).

A continuación especificase a temporalización das unidades didácticas para 2ºESO PMAR

1º TRIMESTRE	2º TRIMESTRE	3º TRIMESTRE
Unit 0: Starter unit -setembro Unit 1: What's new -outubro Unit 2: Lost and found -novembro Unit 3: People and planet -decembro	Unit 4: Making it happen -xaneiro Unit 5: Young and old - febreiro Unit 6: Work and play: -marzo	Unit 7: The great outdoors - abril Unit 8: Home comforts - maio Unit 9: Bright ideas - xuño

Criterios de cualificación e promoción do alumnado

Para determinar a avaliación sumativa que recolla todos os aspectos avaliados anteriormente descritos e poder outorgar unha nota final a cada alumno, utilizaremos os mesmos criterios de cualificación que nos outros cursos da ESO.

Tendo en conta as dificultades para avaliar as catro destrezas nas **probos extraordinarias**, os criterios de cualificación de INGLÉS basearanse, en principio, na comprensión e na expresión escrita (Grammar, Reading e Writing). De ser posible, incluíranse tamén probas de comprensión auditiva (Listening) e de expresión oral (Speaking).

16 PROGRAMACIÓN DE 4º ESO

16.1 materias e recursos didácticos

Os recursos e medios que vamos a empregar son os seguintes:

- Libros do alumno: (Student's Book): pulse 4, da editorial Macmillan
- Cadernos de actividades (Workbook).
- Guías do profesor (Teacher's Book).
- Xeradores de tests.
- Cds de audio e DVDs con vídeos sobre a actualidade, cultura, situacións cotiás etc. dos países anglo-parlantes.

- Internet e as distintas páxinas que ofrecen as editoriais.
- Libros de lectura para os alumnos: será obrigatorio un libro por trimestre, aínda por determinar.
- Aula de idiomas con portátiles para os alumnos.
- Material auténtico (revistas, periódicos, posters, xogos.....)

16.2 contribución da área ao desenvolvemento das competencias clave

A materia de Lingua Estranxeira, nas súas distintas modalidades, contribúe de maneira fundamental, ao desenvolvemento da Competencia en Comunicación Lingüística (CCL), non só en segundas linguas senón tamén con respecto ás linguas maternas. Por unha banda, a aprendizaxe das segundas linguas debe aproximarse ao proceso de adquisición das linguas maternas para producir uns resultados de carácter natural e directamente aplicables ao uso lingüístico no mundo real; por outro, a reflexión consciente e o desenvolvemento sistemático de competencias variadas que leva a aprendizaxe de segundas linguas pode estenderse ás linguas maternas co fin de mellorar as competencias nestas para comprender, expresarse, interactuar e articular pensamentos e sentimentos sobre un mesmo, o outro, e a contorna mental e físico no que se actúa e constrúense as relacións como axente social.

Pulse 4 contribúe á mellora do coñecemento lingüístico formal dos alumnos, en canto a gramática, morfología, sintaxe e pronuncia. Así mesmo, axúdalles a comprender os elementos socioculturais que teñen lugar na comunicación, facéndolles conscientes dos diferentes rexistros e de que é apropiado dicir dependendo do contexto.

Podemos atopar exemplos da competencia matemática en Pulse 4, por exemplo na Unidade 6 onde interpretan os datos dunha enquisa sobre mozas e espectáculo.

Tamén aparecen exemplos da competencia en ciencia e tecnoloxía en Pulse 4, como na unidade 5, na que aprenden sobre aplicacións para móbiles ou a unidade 6, na que se fala da seguridade en internet.

Neste e en calquera outro ámbito, a actividade lingüística realízase en gran parte hoxe en día a través de medios tecnolóxicos. Estes medios están recollidos no currículo como soportes naturais dos textos orais ou escritos que o alumno haberá de producir, comprender e procesar, polo que a Competencia dixital (CD) enténdese como parte substancial da competencia comunicativa.

O uso das tecnoloxías da información e a comunicación debe ter importantes repercusións na maneira en que as linguas estranxeiras ensínanse e apréndense, e as necesarias innovacións neste campo han de basearse nun novo concepto da lingua, que non é algo que meramente se sabe, senón, fundamentalmente, algo que a persoa fai.

Grazas aos recursos dixitais e multimedia do curso, os alumnos afaránse a usar as tecnoloxías da información e comunicación como ferramentas esenciais para aprender e comunicarse, e mostrarán que con frecuencia teñen iniciativa para usar os materiais dixitais e para buscar e comunicar información de maneira independente. Tamén se familiarizarán co vocabulario básico para falar de informática en inglés.

Pulse 4 promove a competencia dixital de numerosas maneiras, como procuras en internet para completar Web quests, ou o uso de programas informáticos e ferramentas online para tarefas produtivas nas páxinas de Collaborative projects. Ademais, expanden o seu coñecemento sobre ferramentas web mediante a Digital worksheets do Teacher's Resource File. A Student Website ofrece acceso a práctica adicional online, con actividades para o desenvolvemento lingüístico. Os alumnos tamén dispoñen de acceso a material dixital interactivo que lles proporciona práctica no uso autónomo de ferramentas dixitais de aprendizaxe.

No proceso mesmo de aprendizaxe desenvólvese outra competencia básica, a de Aprender a aprender (CAA), polo que o currículo incide no carácter procedimental de todos os seus elementos constituíntes e das súas relacións. Os contidos necesarios para alcanzar os Estándares de aprendizaxe avaliábeles, cuxo grao de adquisición valórase aplicando os criterios de avaliación descritos así mesmo como accións, son considerados como contidos competenciais, isto é todo aquilo que o alumno debe, simultaneamente, saber, saber utilizar e saber incorporar ao seu perfil de competencias. O currículo axuda ao alumno a desenvolver a capacidade de aprender a aprender comezando por establecer de maneira transparente e coherente os obxectivos ou resultados pretendidos, que teñen que facer os estudantes como falantes da lingua estranxeira mediante o uso da mesma; determinando o que necesitan aprender para alcanzar eses obxectivos, e indicando as estratexias que poden aplicar para conseguilo. Marcarse obxectivos de diverso carácter segundo as necesidades de construción do perfil persoal de competencias é, así mesmo, o primeiro paso para unha eficaz aprendizaxe autónoma e ao longo da vida.

Pulse fai especial fincapé no desenvolvemento das estratexias de aprendizaxe. Os consellos de Learning strategies and thinking skills proporcionan ideas útiles para a aprendizaxe, mentres que os cadros de Analyse animan aos alumnos a reflexionar sobre as diferenzas entre a súa propia lingua e o inglés. Nos niveis 3 e 4 de Pulse tamén se inclúen estratexias para o desenvolvemento do pensamento crítico.

O uso efectivo de linguas estranxeiras supón necesariamente unha visión aberta e positiva destas relacións cos demais, visión que se materializa en actitudes de valoración e respecto cara a todas as linguas e culturas, cara a outras persoas cuxos usos, valores e crenzas difiren dos propios, así como na apreciación do carácter relativo de costumes, prácticas e ideas, circunstancia que debe entenderse como unha oportunidade única de enriquecemento mutuo e de evitación ou resolución de conflitos de maneira satisfactoria para todas as partes. As Competencias Sociais e Cívicas (CSC), e a conciencia e a expresión culturais (CCEC), tanto as circunscritas ás contornas máis inmediatas como as propias de ámbitos cada vez máis amplos de actuación, forman, así, parte das habilidades que comprende unha competencia intercultural integrada na aprendizaxe de linguas estranxeiras.

Cada unidade de Pulse inclúe referencias a aspectos sociais e cívicos, como os mencionados na sección sobre temas transversais deste proxecto. Na programación de

Pulse esta competencia aparece claramente destacada mediante a sección “Aspectos socioculturais”.

A conciencia e a expresión culturais (CCEC) supón ademais coñecer, comprender, apreciar e valorar críticamente diferentes manifestacións culturais e artísticas, utilízalas como fonte de enriquecemento e goce e consideralas como parte do patrimonio dos pobos.

Pulse ten como obxectivo equipar aos alumnos coas destrezas e o coñecemento sociocultural que necesitan para converterse en cidadáns globais máis informados. Mediante un enfoque coidadosamente desenvolvido, a atención vai da conciencia cultural (niveis 1 e 2), á conciencia social (nivel 3) e finalmente ás destrezas para toda a vida (nivel 4). O curso dixital inclúe vídeos de contido social e cultural deseñados para completar as páxinas correspondentes do Student’s Book. Estes vídeos supoñen unha porta á cultura e sociedade de numerosos países de fala inglesa, e veñen acompañados de follas de explotación no Teacher’s Resource File.

O enfoque orientado á acción adoptado no currículo concéntrase no alumno, que é quen aprende, constrúe as súas competencias e utilízalas, tanto para levar a cabo as tarefas de aprendizaxe na aula como as que demanda a comunicación real. Por tanto, a materia de Lingua Estranxeira contribúe decisivamente ao desenvolvemento do sentido da iniciativa (SIE), en especial polo que respecta ás actividades de expresión e interacción oral e escrita, nas que, desde a súa mesma planificación, o alumno ha de tomar decisións sobre que dicir e como facelo, a través de que canle e con que medios, en que circunstancias e dependendo de que expectativas e reaccións dos interlocutores ou correspondentes, todo iso co fin de cumprir o propósito comunicativo que persegue co maior grao posible de éxito. A elección e aplicación consciente das estratexias de comunicación, de organización do discurso, de control sobre a súa execución e de reparación do mesmo, preparan aos alumnos para asumir as súas responsabilidades, atopar seguridade nas súas propias capacidades, reforzar a súa identidade e regular o seu comportamento.

A articulación clara e convincente de pensamentos e ideas e a capacidade de asumir riscos, xunto coa xestión adecuada da interacción e o estímulo que supón comunicarse noutras linguas para enfrontar novos retos ou resolver problemas en escenarios complexos, son fundamentais no desenvolvemento do espírito emprendedor. As linguas estranxeiras son ademais a porta a un mundo de infinitas posibilidades no terreo laboral e profesional, e o currículo pretende fomentar o emprendimento como actitude ante a vida incorporando actividades concretas nas que o alumno aprende a ser crítico, creativo e comprometido tamén nestes contextos.

Pulse promove a iniciativa e a aprendizaxe individual mediante o uso do Self-study bank, as Wordlists, a Speaking reference e a Pronunciation reference. Do mesmo xeito, Pulse alenta o espírito emprendedor mediante os proxectos colaborativos do Student’s Book.

16.3 Criterios de cualificación e promoción

Para poder avaliar ós alumnos, o profesorado precisa unha serie de instrumentos que lle permitan obter uns datos concretos.

Propoñemos os instrumentos que cremos máis indicados para a obtención destes datos, como poden ser: observación, proba escrita, proba oral, caderno de clase, portfolio. O profesor poderá modificar o modelo substituíndo ou incluíndo outros instrumentos empregados.

Ademais, animarase ó alumno a avaliar o seu propio traballo. Teranse en conta a observación directa na aula, cuestionarios, análise de tarefas, diarios, cadernos de traballo, tests, etc.

Non só se terán en conta estes aspectos, senon que tamén se terá en conta a actitude do alumno con respecto á asignatura e ós seus compañeiros e profesor; por iso, un 20% da nota da avaliación e da nota final pode estar determinado polo comportamento na aula, o interese pola asignatura, a realización de tarefas na clase e na casa, e a asistencia e puntualidade ás clases. Por estes conceptos, recollidos nos diferentes estándares de aprendizaxe como o B.2.2, B.4.6., B.5.3., etc o profesor poderá baixar a nota ata un máximo de 2 puntos sobre 10, e quedará recollido no caderno do profesor, partes ou ben no XADE (puntualidade ou asistencia).

As probas obxectivas versarán sobre as catro destrezas (reading, writing, listening, speaking) relacionados cos bloques e haberá tamén unha proba de gramática e vocabulario (bloque 5).

Valoraranse da seguinte forma:

Grammar & vocabulary	50%
Reading & writing	20%
listening	10%
Reading book	10%
speaking	10%

O alumno debe ter aprobado un 50% destes contidos COMO MÍNIMO, para aprobar a avaliación.

As ACS teñen uns criterios de cualificación e promoción personalizados.

No caso de que algún alumno optase polo uso de métodos deshonestos (tales como copiar doutro compañeiro, de apuntes, libros, chuletas, ou a través doutros medios, entregar o examen ou traballos fora de tempo ou prazo ...) para a realización de calquera proba e fose detectado polo profesor, devandito alumno recibirá automaticamente a cualificación máis baixa posible nesa mesma proba.

O abandono da asignatura considérase motivo suficiente para suspender a asignatura. As faltas de asistencia ós exames tanto escritos como orais, deberán ser xustificadas documentalmente e tan só se repetirá de ser unha enfermidade (parte médico), morte ou enfermidade grave dalgún familiar, requerimento xudicial ou outros casos de forza maior.

Así mesmo, non realizar as tarefas que o profesor solicite ou deixar os exames en branco pode ser motivo de suspenso na avaliación.

PROBA EXTRAORDINARIA

Tendo en conta as dificultades para avaliar as catro destrezas nas probas extraordinarias, os criterios de cualificación de INGLÉS basearanse, en principio, na comprensión e na expresión escrita (Reading e Writing). De ser posible, incluíranse tamén probas de comprensión auditiva (Listening) e de expresión oral (Speaking), tendo todas as destrezas a mesma ponderación :

•Vocabulario.....	25%
•Contidos gramaticais.....	25%
•Writing (Redaccións).....	25%
•Reading Comprehension (lectura comprensiva).....	25%

16.4 obxectivos, contidos, criterios, estándares ,indicador mínimo de logro,temporalización e instrumentos de avaliación

Primeira Lingua Estranxeira. 4º de ESO								
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares aprendizaxe	de	Compe tencias clave	Grao mínimo	Tempo ralización	Instrumento s de avaliación
Bloque 1. Comprensión de textos orais								
a c d i	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Estratexias de comprensión: - Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema. - Identificación do tipo de escoita necesario para realizar a tarefa (global, selectiva e detallada). - Identificación do tipo textual, adaptando a comprensión a el. - Distinción de tipos de comprensión (sentido xeral, información esencial, puntos principais e detalles relevantes). - Formulación de hipóteses sobre contido e contexto. - Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Coñecer e saber aplicar as estratexias adecuadas para a comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto. ▪ B1.2. Identificar o sentido xeral, a información esencial, os puntos principais e os detalles máis relevantes en textos orais breves ou de lonxitude media, claramente estruturados, e transmitidos de viva voz ou por medios técnicos e articulados a unha velocidade media, nun rexistro formal, informal ou neutro, e que traten de aspectos concretos ou abstractos de temas xerais, sobre asuntos cotiáns en situacións correntes ou menos habituais, ou sobre os propios intereses nos ámbitos persoal, público, educativo e ocupacional ou laboral, sempre que exista apoio visual e as condicións acústicas non distorsionen 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB1.1. Reflexiona sobre o seu proceso de comprensión, axustándoo ás necesidades da tarefa (de comprensión global, selectiva ou detallada), mellorándoo se é o caso (sacando conclusións sobre a actitude do falante e sobre o contido, baseándose na entoación e na velocidade da fala), deducindo intencións a partir do volume da voz do falante, facendo anticipacións do que segue (palabra, frase, resposta, etc.), e intuindo o que non se comprende e o que non se coñece mediante os propios coñecementos e 		CCL CAA CSC CCEC	Reflexiona sobre parte do seu proceso de comprensión, axustándoo ás necesidades da tarefa	Durant e todo o curso	Intercambios orais cos alumnos observación

Primeira Lingua Estranxeira. 4º de ESO							
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao mínimo	Temporización	Instrumentos de avaliación
	comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paralingüísticos. - Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos.	a mensaxe, e que se poida volver escoitar o dito. • B1.3. Comprender os detalles de información relativa a datos persoais, horarios, prezos e números, así como comprender preguntas e instrucións básicas e seguir indicacións breves relativas a necesidades cotiás ou ocupacionais relativas a situacións de comunicación básicas dos ámbitos persoal e profesional.	as propias experiencias.				
		• B1.4. Comprender textos orais sinxelos nos que soliciten ou dean información de carácter básico e sinxelo, identificando funcións de comunicación variadas e captando tanto as liñas xerais como os aspectos secundarios de relevancia, sempre que se fale lentamente e nunha linguaxe estándar e poida pedir confirmación do entendido. • B1.5. Comprender as ideas principais e outros aspectos relevantes para o propósito comunicativo de textos orais de carácter informal que relaten experiencias persoais (viaxes, estudos, experiencias laborais, relacións	• PLEB1.2. Distingue, con apoio visual ou escrito, as ideas principais e información relevante en presentacións ou charlas ben estruturadas e de exposición clara sobre temas coñecidos ou do seu interese relacionados co ámbito educativo ou ocupacional (por exemplo, sobre un tema educativo ou de divulgación científica, ou unha charla sobre a formación profesional noutros países).	CCL CAA CSC CCEC	Distingue as ideas principais e información relevante en presentacións ou charlas ben estruturadas e de exposición clara sobre temas coñecidos ou do seu interese	Durant e todo o curso	Intercambios orais cos alumnos Observación Análise do caderno e workbook Listening test

Primeira Lingua Estranxeira. 4º de ESO							
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao mínimo	Tempo realización	Instrumentos de avaliación
		<p>persoais, etc.), e expresen opinións ou puntos de vista, cunha fala lenta e nunha linguaxe estándar, identificando aspectos como a secuencia temporal das experiencias (por exemplo, dunha película), e os sentimentos que suscitan.</p>	<ul style="list-style-type: none"> PLEB1.3. Identifica a idea principal e aspectos significativos de noticias de televisión claramente articuladas cando hai apoio visual que complementa o discurso, así como o esencial de anuncios publicitarios, series e películas ben estruturados e articulados con claridade, nunha variedade estándar da lingua, e cando as imaxes facilitan a comprensión. 	CCL CAA CSC	Identifica parte das ideas principais e aspectos significativos de noticias de televisión ou anuncios publicitarios cando hai apoio visual, nunha variedade estándar da lingua.	Durant e todo o curso	Intercambios orais cos alumnos Observación Análise do caderno e workbook
			<ul style="list-style-type: none"> PLEB1.4. Capta os puntos principais e os detalles salientables de mensaxes gravadas ou de viva voz, claramente articuladas, que conteñan instrucións, indicacións ou outra información, mesmo de tipo técnico (por exemplo, en contestadores automáticos, ou sobre como realizar un experimento na clase, ou como utilizar unha 	CCL CSC	Capta parte dos puntos principais de mensaxes gravadas ou de viva voz, claramente articuladas, que conteñan instrucións, indicacións ou outra información, mesmo de tipo técnico	Durant e todo o curso	Intercambios orais cos alumnos Observación Análise do caderno e workbook Listening test

Primeira Lingua Estranxeira. 4º de ESO							
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao mínimo	Tempo realización	Instrumentos de avaliación
			máquina ou un dispositivo no ámbito ocupacional).				
			<ul style="list-style-type: none"> PLEB1.5. Identifica as ideas principais e detalles relevantes dunha conversa formal ou informal de certa duración entre dous ou máis interlocutores que ten lugar na súa presenza e na que se tratan temas coñecidos ou de carácter xeral ou cotián, cando o discurso está articulado con claridade e nunha variedade estándar da lingua. 	CCL CSC CCEC	Identifica parte das ideas principais e detalles relevantes dunha conversa formal ou informal na que se tratan temas coñecidos ou de carácter xeral, cando o discurso está articulado con claridade e nunha variedade estándar da lingua.	Durante todo o curso	Intercambios orais cos alumnos Observación Análise do caderno e workbook Listening test

Primeira Lingua Estranxeira. 4º de ESO							
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao mínimo	Temporización	Instrumentos de avaliación
			<ul style="list-style-type: none"> PLEB1.6. Entende o que se lle di en transaccións e xestións cotiás e estruturadas (por exemplo, en bancos, tendas, hoteis, restaurantes, transportes, centros docente e lugares de traballo) ou menos habituais (por exemplo, nunha farmacia, un hospital, nunha comisaría ou nun organismo público), se pode pedir confirmación dalgúns detalles. 	CCL CAA CSC CCEC	Entende parte do que se lle di en transaccións e xestións cotiás e estruturadas (por exemplo, en bancos, tendas, hoteis, restaurantes), se pode pedir confirmación dalgúns detalles.	Durante todo o curso	Intercambios orais cos alumnos Observación Análise do caderno e workbook Listening test
			<ul style="list-style-type: none"> PLEB1.7. Comprende, nunha conversa formal, ou entrevista na que participa (por exemplo, en centros de estudos ou de traballo), información relevante e detalles sobre asuntos prácticos relativos a actividades educativas ou ocupacionais de carácter habitual e predicible, sempre que poida pedir que se lle repita, ou que se reformule, aclare ou elabore, algo do que se 	CCL CAA CSC CCEC	Comprende, nunha conversa formal, ou entrevista na que participa, parte da información relevante sobre asuntos prácticos relativos a actividades educativas ou ocupacionais, sempre que poida pedir que se lle repita, algo do que se lle dixo	Durante todo o curso	Intercambios orais cos alumnos Observación Análise do caderno e workbook Listening test

Primeira Lingua Estranxeira. 4º de ESO							
